

Elixido cartaz do Corpus de Ponteareas

Páxina 5

21 millóns do Estado para estradas en Ponteareas

Páxina 7

Festa da Lamprea en Arbo

Páxina 12

Festas de San Telmo en Tui

Páxina 15, 16 e 17

Nace a A.D. Avanza-Porriño

Páxina 20

Tributo á figura do espantallo

Páxina 26

Ponte a Portu-Gal, en Ponteareas

Páxina 29



Páxinas 8 e 9

II Semana das Ciencias en Ponteareas

A II Semana das Ciencias dará comezo o 24 de abril e repartirá as súas actividades entre as Salas do Auditorio, a Biblioteca, o Concello e as rúas de Ponteareas. O Museo

Científico, conferencias, a Feira das Ciencias, experiencias científicas na rúa, excursións educativas e outras actividades, organizadas polo Concello coa participa-

ción dos centros de ensino, achegarán a ciencia ao alumnado e a poboación en xeral. Este ano como novidade haberá un seminario para profesorado, na biblioteca.

OPINIÓ

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Un grande paso adiante

Mentres o Goberno do Estado minimiza o paso adiante dado co desarme da ETA, o ministro francés do Interior considerouno “un grande paso adiante”. Pola súa banda, o lehendakari Urkullu definiu o sentimento maioritario da cidadanía vasca cando di que a entrega do arsenal tiña un significado ético central, en canto “certificaba definitivamente que nin unha soa das vítimas debeu morrer nunca”.

ETA foi derrotada politicamente moito antes ca policialmente. Perdeu por milleiros cada ano o seu primitivo apoio social,

aínda bastante importante a fins da década dos 80 do século pasado. E a súa deslexitimación social tería sido moito máis rápida de non ser pola actuación dos GAL. Un instrumento de terror creado, financiado, sostido e dirixido polo Goberno do Estado que rearmou parcial e provisionalmente aquel apoio social, desaparecido por sorte hai bastante tempo.

O cesamento indefinido do fogo en outubro do 2011 constatou unha ETA con reducida capacidade operativa, mais á banda ficáballe capacidade para facer dano uns

meses ou mesmo uns anos máis. O adeus ás armas veu precedida dunha intensa negociación na que participaron o PSE, o ministro Rubalcaba (PSOE) e o PNV. Tamén (xusto é recoñecerllelo, malia ser canda mozo un seareiro da violencia) dunha moi activa campaña de Arnaldo Otegi para amosarlle ás bases abertzales a necesidade da paz.

Cumpre agora a definitiva disolución da banda para activar o 10º punto do Pacto de Ajuria Enea, subscrito no 1988 por todas as forzas vascas (agás Herri Batasuna, precedente da actual Sortu). É dicir, para atopar as solucións xurídicas que resolvan o achegamento dos presos a Euskadi e a aplicación de beneficios penitenciarios que

permitan pasar páxina.

Todo isto sen prexuízo de afondar nunha política de convivencia e reconciliación que atenda nomeadamente ás necesidades materiais e de inclusión social das vítimas do terrorismo (tamén, por certo, das vítimas do GRAPO ou do GAL). Mais tamén sen inventar novos e adicionais requisitos para activar os precisos mecanismos de política penitenciaria.

ETA foi derrotada politicamente e non ha server nunca máis como arma política arreboladiza.



Por: Ramón Coira Luaces

Por un Día das Letras para Carvalho Calero

Como seguramente sabedes, Ricardo Carvalho Calero foi un filólogo e escritor galego nacido en Ferrol en 1910 e finado en Compostela en 1990. Foi un galeguista membro do Seminario de Estudos Galegos.

Da súa poesía destaca Vieiros (1931), O silencio ajoellado (1934) e Anxo de terra (1950). Inagurou tamén a novela galega de posguerra con A xente da barreira (1950, Premio Bibliófilos Gallegos).

En teatro escribiu A árbore (1948) e Auto do prisioneiro (1969). Tamén publicou como investigador unha gramática do galego, a Historia da literatura galega contemporánea (1975), Estudos rosalianos (1979),...

Foi o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas e é considerado o ideólogo do reintegracionismo. Pero imos detallar un pouco máis os seus méritos para que se lle adique o Día das Letras Galegas. Licenciouse en Compostela en Dereito e despois en Filosofía e Letras.

Entrou en contacto co galeguismo, integrándose no movemento nacionalista como

dirixente do activismo estudantil. Participa na fundación do Partido Galeguista en 1931 e na redacción do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia do Seminario de Estudos Galegos, dese mesmo ano, que no seu art. 1º, definía a Galiza como “Estado libre dentro da República Federal Española”. Colaborou en publicacións como A Nosa Terra, Nós, Galiza, etc. En 1933 volta a Ferrol, gaña a praza de auxiliar administrativo

“Foi o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas e é considerado o ideólogo do reintegracionismo”

do Concello e casa con María Ignacia Ramos.

A sublevación militar sorprendeuno en Madrid, cando se presentaba á oposición para profesor de instituto de Lingua e Literatura Española. Colocouse do bando republicano e enrolouse como miliciano, co grao de tenente, nun batallón da UGT, o sindicato no que militaba; participando na defensa de Madrid. Cae prisioneiro na fronte de Andalucía e é condenado a 12



Riego. A súa tese de doutoramento “Aportaciones a la literatura gallega contemporánea” acadou en 1955 o premio extraordinario. En 1958 entra na RAG. E a partir de 1965 autorizouse a exercer o ensino público no Instituto Rosalía de Castro de Compostela. En 1972 obtivo por oposición a cátedra de Lingüística e Literatura Galega, de recente creación. A pesar da forte oposición que atopou defendeu a tese reintegracionista e foi marxinado por isto.

Foi tamén editor e mantivo a actividade cultural despois de xubilarse en 1980. En 1981 foi nomeado Membro de Honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega, en 1984 recibiu a Medalla Castelao e en 1987 gañou o Premio da Crítica pola súa novela Scórpio. Son moitas as persoas que reivindicán a súa figura e piden que se lle adique o Día das Letras Galegas.

Hoxe en día cada vez está máis aceptado que, por unha cuestión de supervivencia, o galego debe aproximarse ao portugués e nós abrímonos á lusofonía, nun proceso de mútuo enriquecemento. E remato cun verso del do poema “María Silencio”: A tua angústia fala con olladas.



Verbas ao vento

Por: Manuel Estévez

Retorno dos coidadores das hortas no Camiño

Desde o Mago de Oz de Lyan Frank Baun co entrañable home de palla ata o espantapáxaros de Xulio Tizón, pasando polos que pintaran Maruxa Mallo, Benxamin Palencia, Carlos de Haes, J. Vayreda, Arturo Souto, Carlos Bóveda, Manuel Vidal, o fillo predilecto de A Cañiza, Diego de Giraldez e mesmo a escultura de Lucas Karnaz instalada nos xardíns

da Cidade das Artes e das Ciencias de Valencia ou aqueloutra formada por múltiples fragmentos encaixados e pintados na Cerámica de Sargadelos e a esencia da Ruta Xacobeá, sinfonía paisaxística, son dos regueiros, concerto da paxarada, a ligazón das vangardas co eido rural, foron motivos para dar renda solta o proxecto “Retorno dos coidadores das hortas”.



Unha nova inmersión na paisaxe, así como a súa lectura, cuestións moi contemporáneas merecentes de incorporalas no

medio rural. Unha ollada diferente e renovada, dotada dunha sensibilidade capaz de establecer debates e reflexións a hora de actuar no entorno que nos é próximo e chegando a tempada das colleitas a participación colectiva da veciñanza e o mesmo tempo poñer en marcha unha orixinal habilidade de crear, empregando material que se poida reciclar, ben sexan roupas vellas atestadas nos baules dos recordos ou materiais que se teñan a man, recobrando tamen do pasado a practica habitual de colocar espantallos ao vento a beira do Camiño a Santiago, evitando o feísmo que aportan outras instalacións.

Por: Guillermo Rodríguez

Director



De tempos pasados e de incertos futuros

Cando un chega a vello (os meus fillos dinme que non son vello, que estou maior; que máis dará, son simples eufemismos para disimular algo que non ten volta atrás), cando pon o espello retrovisor e se retrotrae aos anos da infancia decátase de moitas cousas, pero tal vez, polo menos no meu caso, unhas sobresaen por enriba das outras. Imaxes que seguen gravadas na mente e que de cando en vez nos arrodean como se quixeran defendernos de algo. Aquilo de que calquera tempo pasado foi mellor ten neste caso algo de verdade.

Daquela os nenos/as da aldea, e xa non tan nenos/as, viviamos nunha especie de burbulla que apenas nos permitía ver máis aló do noso reducido círculo tanto xeográfico como familiar, persoal. As nosas diversións, os nosos xogos tiñan un efecto inmediato nas nosas vidas. Eramos felices ou desgraciados pero alí, sen máis proxeción. Nas nosas mentes non cabían frustracións serias; tiñamos desgustos e fracasos, ata os amorosos, que se solucionaban con certa facilidade. Ninguén falaba de persoas que toleaban por fracasos amorosos ou de nenos que tiñan problemas escolares pola falta de cariño dos seus pais ou do comportamentos dos demais rapaces da escola. Ese mundo non existía. Ni se lle esperaba.

Faltaban alimentos; había falta de todo, si; pero o pouco que se comía era san. As familias máis necesitadas, que tamén había en todas as aldeas, tiñan que valerse da forza dos seus brazos para, traballando nos campos dos demais, poder comer diariamente un par de veces, polo menos. As familias máis potentadas apenas tiñan que saír da aldea para dispoñer de comida diaria para os seus e para os xornaleiros. O porco, as galiñas, os ovos, os pitos, as ovelas, a horta, a artesa, eran fontes de alimentación propias que ofrecían o 90% dos alimentos que se consumían. Miña nai apenas ía unha vez por semana á praza de Ponteareas par mercar carne ou algunha roupa especial. O resto xa o facía a costureira que se apañaba con todo tipo de vestimentas. Novas e con remendos. Pero non había veciños comendo os restos que sobaban porque, unha, non sobaban e

outra, serían transformados en esterco para as hortas e os campos. Seguindo o principio da física, nada se acababa senón que se transformaba.

Eramos felices xogando con pelotas de trapo (as medias de miña nai, unha vez usadas e de que maneira, servían para confeccionar unha estupendas pelotas con lá no interior que ata botaban como se de goma se tratara); os partidos de fútbol descalzos, sobre todo no verán, eran moi disputados. Non sabiamos nada do Madrid nin do Barcelona (apenas escoitabamos falar aos vellos do Celta de Vigo), para que? Nós eramos os propios referentes deportivos. Algúns xogaban ben e outros soamente lle daban patadas a pelota. Pero todos nos divertiamos á nosa maneira. Nos tempos dos nenos andar polos montes e ribeiras espiando as rulas, as melras para saber onde fixeran o niño; subir ao máis alto dun piñeiro gabeando polo tronco arriba para examinar un niño de corvo eran actividades que enchían as nosas aspiracións de nenos, sobre todo; as rapazas sempre foron máis recatadas e non se atrevían a gabear porque deixarían ao descuberto elementos púdicos dos seus corpos que tiñan prohibido mostrarnos aos rapaces. Aínda que as había atrevidas que non respectaban os consellos familiares.

Cando xa ías entrando na adolescencia o panorama que se presentaba diante de ti íase complicando un chisco. Había que tomar decisións: estudar máis ca o habitual (as catro regras que se dicía); aprender un oficio: carpinteiro, canteiro, albanel e pouco máis, ou continuar, coma teus pais, e seguir fozando na terra. Quedaban aqueles, coma no meu caso, que tiñan a sorte, porque hai que chamarlle así naquel contexto social, de continuar estudos máis aló da escola da aldea.

Pero aínda nestes casos contados (eu fun o primeiro rapaz que seguiu estudos despois da escola na miña aldea) as aspiracións persoais eran limitadas. O mundo exterior era algo descoñecido, incomprendible, inabordable. Os medios de comunicación apenas existentes aínda non se afixeran a “contaminar” as mentes do poboación. Logo non nos imaxinabamos cousas raras que puideran producírnos

traumas, frustracións, desgustos serios que marcaran as nosas vidas. Eramos pobres no senso extenso do termo, pero dentro daquela pobreza de todo tipo eramos máis felices do que son os nenos/as destes momentos. Ou así o penso eu.

Estou reclamando unha volta á miseria, a falta de horizontes, de perspectivas de futuro? Non, Deus o fixera mellor, que dirían os máis vellos do lugar. Soamente quixen expoñer estas miñas lembranzas para situar as reflexións que hoxe me veñen ao maxín e quero ofrecerlles.

Xa nos anos 50/60 e de aí en diante, a sociedade avanzou unha barbaridade; tamén as aldeas foron “víctimas” dese avance.

A xente do rural botou a correr cara as cidades. Ofrecíase o ouro e o mouro. As escolas foron pechadas na súa maioría porque xa non quedaban, non quedan, nenos/as para ensinar. O mundo da ciencia descubriu horizontes insospeitados. Hoxe dinnos que dentro de pouco poderemos viaxar á Lúa (de momento o Sol non está ao noso alcance); cabe a posibilidade de vida noutros planetas do sistema solar; xa existen coches sen condutor; os supermercados de proximidade lévannos todo a casa; o que precisamos e o que non precisamos; ás tendas de ultramarinos (as que aínda resisten son pezas de museo, como a de Telmo que lle chaman o Corte Inglés de Angoares); as vilas, aínda as pequenas, dispoñen de centros de ensino medio; unha grande maioría de alumnos/as van ás universidades para facer estudos superiores; os avións lévannos en poucas horas aos confíns do mundo; o tren AVE, o máis rápido ata este momento, corre coma unha centella polos campos de Castela (polas nosas corredoiras teno prohibido, de momento); en fin, vivimos nun mundo feliz que diría Aldous Huxley.

Sen embargo, o horizonte está poboado de nubarróns tan negros que só poden presaxiar fortes tormentas. Os centros de ensino non dan apagado os lumes entre pais, alumnos e profesores; os centros sanitarios non dan feito para atender aos doentes; a mocidade formada a niveis nunca soñados vaga polas rúas sen saber que facer das súas vidas; as institucións dan a voz de

alerta sobre o que comemos; corremos o risco de estar envelenándonos cada día un pouco máis. As fábricas antes tan apetitosas para os habitantes do mundo rural mercan robots e mandan os obreiros ao paro. Xubilan a homes e mulleres con 50 anos e logo a hucha das pensións estase baleirando e dinnos que non saben se poderán cobrar pensións os que hoxe teñen 40 ou 50 anos. O mar estanos avisando de que como sigamos abusando del vainos dar unha leccións que non esqueceremos mentras vivamos. Non sabemos que facer cos residuos perigosos que xeramos; de momento enterrámoslos, unha pequena parte, no fondo mariño, pero cando saian a superficie, que sairán, envelenarannos a todos sen posibilidade de escape. Por se a traxedia de Hiroshima e Nagasaki non fora suficiente, nestes momentos dinnos que estamos a punto de asistir a un conflito bélico de incalculables proporcións. Os alimentos que tomamos (envasados, empacquetados, quen sabe como) son cada día unha fonte de perigo alimentario. Acabaremos todos envelenados, pouco a pouco. O xeo polar estanos dicindo que se seguimos abusando da súa paciencia, calquera día danos un baño do que non sairemos para contalo, pero os novos donos do mundo (léase Trump e a súa tropa) din que aínda non son suficientemente ricos para parar de contaminar e acelerar o efecto invernadoiro, etc. etc., etc. Este é o mundo no que vivimos os vellos e o que lles deixamos aos novos.

Díganme agora se nos trouxeron a un mundo mellor? Díganme agora se podemos dicirlle aos nosos fillos, netos e os que veñan detrás que a sociedade mellorou, que van ser máis felices do que fomos nós nos tempos da fame e do atraso cultural. Eu non me atrevo.

E non lles falo das liortas políticas porque xa me da noxo, aínda que non están libres de que o faga calquera día. Aí tamén temos tela que cortar.

Logo duns días de recolleto e de tostarse ao sol que se adiantou apréstense para enfrontarse a un futuro que nada podemos cambiar, só soportar da mellor maneira posible.

Que sexan felices se poden.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

OPINIÓN

Xosé González Martínez

Presidente da Fundación L. Peña Novo e do Foro E.Peinador

Deica Mañá

Despois de trinta e oito anos de servizo no Concello de Redondela, a semana pasada xubileime. Pero só da actividade profesional, non da vocacional, na que seguírei activo ata que o corpo aguante. Carme P.Vaquero, infatigable compañeira e dinamizadora lingüística, organizou un acto de despedida ao que acudiron dúascentas persoas amigas de todos os sectores profesionais implicados no colectivo Galeguizar Galicia. Fun sorprendido coa publicación dun libro titulado "Xosé González Martínez. Mestre de vontade enerxética", frase da autoría de Xosé L.Méndez Ferrín. O libro, que recolle sesenta e tres colaboracións e unha fotobiografía, foi coordinado por Carme P.Vaquero e Xurxo Martínez González, coa asistencia técnica de Alba Pernas e Pío García.

No agradecemento á homenaxe tributada polos amigos e amigas tiven que explicar necesariamente o por que da miña constancia e entrega no traballo que todos me recoñecen, e que sempre foi colaborativo.

Debería ter eu oito, nove ou dez anos, como moito. Meu pai mercara daquela unha leira lindante con outra da nosa propiedade para construír nela o seu taller de carpintería e ebanistería. Para iso compría preparar o terreo guindado un muro grande de

cachotería. Para facer o traballo, como era costume, recorreu a parentes e veciños sempre dispostos a botar unha man.

Un domingo ben cedo apareceron todos con cadansúa ferramenta. Uns con gabiochos, outros con picoñas, pás, paufferos e martillóns. Eu tamén estaba alí no medio de tantos adultos disposto a carrexar cachotiños cunha carretilliña que o día anterior me fixera meu pai. Ben deitamos do Pepiño para acabar ben cedo o traballo, dicían. Aquel día sentíame feliz por ser un máis. Imaxínade o que significaban para un neno as louvanzas dos maiores.

A min o que me chamaba a atención era que o traballo non daba comezado, e non entendía por que. Ata que meu pai deu as razóns: é mellor que agardemos a que chegue Jesús. Jesús era meu tío, mestre canteiro que traballara ás ordes de don Manuel Gómez Román na construción da ermida do monte da Guía, no meu Teis natal. Aprendera o oficio dos "arxinas" co meu avó paterno, descendente directo de Diego Antonio Cernadas, o Cura de Fruime, xunto cos aprendices que eran tamén Enrique Líst e Xoán Xesús González. Ao pouco chegou Jesús, e despois de examinar o muro e apalpar os rebos e cachotes dixo: xa está, aquí temos o nervio do muro; apartádevos!. Pedíu un martillón,

deu un marretazo e derrubouse de vez boa parte do muro. Xa estaba medio traballo feito! Meu tío non estudara en ningunha escola de arquitectura na que se estudan as estruturas das forzas gravitatorias e outros coñecementos técnicos; tiña unicamente coñecementos empíricos.

Aquel día comprendín que perante as dificultades hai que utilizar a intelixencia, e que o traballo en equipo debidamente coordinado é o mellor xeito de superar as dificultades. Velaí como un feito anecdótico pode condicionar unha vida. A combinación da intelixencia, unha boa dóse de intuición, a constancia e o traballo cooperativo habían ser os medios que apliquei sempre nas tarefas que acometí desde ben rapaz.

Os que me coñecen ben saben da miña obsesión por crear equipos de traballo debidamente compenetrados e coordinados para a consecución dos seus fins. O individualismo conduce as máis das veces ao fracaso. O antídoto para superar o pesimismo da razón é o optimismo da vontade. É necesario ser un soñador, porque para realizar calquera proxecto, primeiro hai que soñalo.

A mesma filosofía que alentou a vida do meu admirado Pepe Velo que soñou primeiro e logo deseñou a gran proeza de secuestro do trasatlántico Santa María, para chamar a atención do mundo sobre as ditaduras franquista e salazarista. Eu fago

miñas as súas reflexións poéticas para explicar de onde me veñen tamén a min os folgos. "Pois que me preguntades, xa sabedes/ de onde me veñen os folgos/para cantar a miña esperanza:/ Da visión do futuro/aínda que sempre se chega/endexamais se alcanza".

Díxeno entón e repíto agora: a miña xubilación non é máis que o remate do ciclo laboral e a continuidade da miña actividade vocacional. Por iso non é un adeus, é un deica mañá!, para vérmonos traballando no Foro E. Peinador, Irmandade de Agroalimentarios e Adequeiros, Irmandade da Sanidade Galega, Irmandade Xurídica Galega, Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, Fundación Peña Novo, Asociación Álvaro das Casas, Asociación de Amigos do Couto Mixto e Asociación "Setestrelo" dos amigos do Castelo de Maceda. Entidades todas elas que conforman unha galaxia cultural de complementariedades para realizarmos a transversalidade da normalización lingüística nesa arela de galeguizarmos Galicia. Grazas a todos os que colaborades connosco.

Saúde e Terra!



Muiño da Feixa

Por: Xosé Santiago Paramos

O gabán

Unha noite de inverno e cun frío do demo, un rapaz pensa: ¿por qué terei que durmir nun xergón de follatos se son eu quen coida as ovellas?.

Esptáranos os ratos co seu riqui-riquí rillando nas mantas e aquel tusir de can que o rebentaba.

A nai levouno ó medico cunha xeadá que triscaba a terra debaixo dos pés. Despois dunha legua de camiño e unha longa espera alá chegou o doutor cun puro na boca. Vestía un gabán forrado de lá tan bonito que todos lle preguntaron onde o mercara. O medico díxallo sorrindo.

Moitos pretenderon mercar o gabán,

pero tiña un defecto... unha etiqueta colgando onde se podía ler: P.V.P-3.000 - Ptas. que viña a ser o valor dunha toura.

Un día 14 Maruxa baixou a Pontearreas, levou o fillo con ela e un becerro para vender. Ó chegar á feira o rapaz non paraba de bater os dentes co frío. O touro logo o venderon pero á nai deulle coraxe velo a tremar e quixo que probara o gabán.

Xa no comercio o rapaz parecía un xeneral e Maruxa a todo risco quixo que o levara posto. Ela toda orgullosa e o fillo morría de vergonza. O pantalón mellor remendado agora parecía un farrapo.



Aquilo era moito luxo para el. Cando chegou a casa gardouno coa escusa de que se manchaba pero a nai nunca máis o

mirou con el.

Pasaron os anos e o rapaz xa era un vello. Aquel Nadal deulle a tose ferina e lembrouse do gabán, pensou en vestilo para ir ver unha representación do Nacemento, pero volveuno a gardar, era un recordo tan bonito da nai que quería levalo posto cando morrera.

Polo serán foi o velliño co fillo a ver o portal de Belén. Cal sería a súa sorpresa cando mirou alí o neto representando un pastor. Ía vestido co gaban, arrincáralle as mangas e puxéran co forro da lá para fora.

Inda lle escoitou dicir ó fillo: A que no contabas ver aquí a tu neto, Mira que bien le vino el chaquetón que tenías allí tirado en el baúl... vess.

O velliño xa non contestou.

FUCO PRADO



PONTEAREAS

O xurado elixe "Coas súas mans" como cartel do Corpus 2017

A súa autora, a deseñadora pontevedresa Isabel Núñez Montero, posúe un amplo palmarés de deseños gañadores en diferentes convocatorias da xeografía galega

O cartel "Coas súas mans", obra da deseñadora Isabel Núñez Montero, da parroquia de Salcedo, no concello de Pontevedra, será o encargado de anunciar as festas do Corpus Christi 2017 de Ponteareas, logo de ser elixido, por unanimidade do xurado, entre os 12 traballos que se presentaban ao concurso convocado para tal fin polo executivo ponteareán.

Coa convocatoria, aberta a todos cantos quixeran participar, buscábase que os concursantes expresaran a súa propia visión da festa máis emblemática de Ponteareas e, entre eles, "elixir aquel que mellor representase o espírito desta celebración que conta ás súas costas con máis de século e medio de existencia", sinalaba a concelleira de Cultura, Hortensia Bautista.

O xurado encargado de fallar o concurso, estaba formado pola propia titular de Cultura, Hortensia

Bautista; Xosé Alberto Álvarez Rodríguez, licenciado en Belas Artes e profesor de arte no

Departamento de Cultura, Belén Giráldez, que actuaba en calidade de secretaria, con voz pero sen voto.

Era ese xurado o que, por unanimidade, decidía o 29 de marzo, que o traballo presentado pola deseñadora Isabel Núñez Montero baixo o nome de "Coas súas mans", reunía todos os requisitos para ser anunciador das Festas do Corpus 2017. Este premio está dotado con 600 euros.

Isabel Núñez, natural da parroquia pontevedresa de Salcedo, ten unha ampla experiencia no campo do deseño gráfico e no seu palmarés conta con varios premios ao longo do país. A gañadora deste ano é unha deseñadora autodidacta, que xa conta con varios galardóns destas características, como o cartel da Festa da Coca de Redondela (2010), A Reconquista de Vigo (2013), Festa do Marisco do Grove (2014 y 2015) e a Festa do Polbo de Mugardos (2013) ou o Entroido de Bueu (2017).



IES Val do Tea; os alfombristas e deseñadores Miguel Novoa Iglesias, Guillermo Iglesias Sánchez e Miguel Mera Cuevas, e a traba-

O Concello mírase na obriga de talar as palmeiras do entorno da Casa Consistorial

O Concello de Ponteareas procederá a tala das palmeiras que se atopan nas inmediacións da Casa do Concello ao comprobar que, pese ás medidas adoptadas, as árbores están afectadas pola praga do picudo vermello e ante o risco que a caída de ramas ou mesmo das propias árbores, pode supoñer para a veciñanza.

Ademais das dúas palmeiras da fachada, o Goberno local anunciou que haberá que cortar outra máis situada ao pe dunha zona infantil de xogos, amais doutra, que polo de agora non se cortará e que está sendo obxecto de estudo sobre o alcance da praga na mesma.

Os métodos preventivos para atallar a praga do picudo vermello non sempre dan resultados positivos e, unha vez infectada, a árbore é difícil-

mente salvable xa que as larvas escavan galerías no tronco da palmeira de máis dun metro de profundidade.

O grave risco que para as persoas supón a caída das ramas en lugares transitados, como é o caso das dúas palmeiras da entrada do concello, ou para peóns e vehículos naquelas que se atopan preto das beirarrúas, fan preciso que as árbores sexan talladas para, posteriormente, ser tratadas segundo protocolo vixente.



Vinoteca Eira Vella
vínos, tostas, pulgas e donas...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas
694 416 706

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 - Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 - Ponteareas

TAPERÍA A BRASA
Nova xerencia

Comidas - Tapas variadas
Churrasco misto - Vño - Refrescos

Estrada 120 - Telf: 620 858 560 - 600 839 646
SAN LORENZO DE OLIVEIRA - PONTEAREAS

Panadería Pastelería A Fogaza
Pan Artesano

Dona Bugal, 7 Ponteareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

GASOLEOS TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA 986 61 43 61

REPSOL

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

34 persoas comezan a traballar no Concello de Ponteareas ao abeiro do Plan Concellos

Un total de trinta e catro persoas comezarán a traballar no Concello de Ponteareas ao abeiro do Plan Concellos, a maioría neste mesmo mes de abril. Os traballadores e traballadoras incorporanse de xeito escalonado, algúns xa o fixeron dende o día un e a maioría incorporárase nos vindeiros días, con contratos que oscilarán entre os 4 e 9 meses de duración e que servirán, afirmaba o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, “para que as persoas contratadas poidan desenvolver as súas competencias no ámbito da administración municipal”.

Salientaba o rexedor local a importancia dun plan “que incentiva no seu proceso de selección, a situa-

ción de longa duración do desemprego e as situacións familiares máis desfavorecidas”.

O Concello de Ponteareas anunciaba xa hai algunha semanas, a súa clara intención de “destinar toda a liña prevista pola Deputación de Pontevedra neste eido, 257.000 euros, para que Ponteareas xere postos de traballo destinados á conservación de bens e servizos municipais. A este importe da liña da Deputación, o concello engade 50.000 euros” nunha mostra clara “do firme compromiso que ten este Goberno local coa creación de emprego”, remataba Xosé Represas.

Dende o pasado día 1, de xeito escalado, estanse incorporando ao cadro de persoal do Concello de Pon-

teareas 4 auxiliares de policía local, 1 técnico de deportes, 1 técnico de proxectos, 4 auxiliares administrativos, 1 auxiliar de puericultura, 1 técnico/a de son e audiovisuais para espectáculos, 3 oficiais de servizos varios, 1 técnico de turismo, 1 animador sociocultural, 4 oficiais albañeiros, 2 peóns de obras públicas e 10 máis de medio ambiente.

Pola súa banda, o Concello de Ponteareas habilitou unha partida orzamentaria de case 50.000 euros para complementar o salario destes traballadores e traballadoras “que suporán un reforzo para o persoal municipal nos vindeiros meses nos que, co verán por medio, hai unha maior carga de traballo”, subliñou o alcalde Xosé Represas.

O Concello segue a promover Ponteareas como vila cardioprotexida



Varios traballadores municipais realizaron un curso homologado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia sobre o funcionamento dos desfibriladores

Tres bombeiros, un policía e tres traballadores municipais de instalacións deportivas realizaron con éxito este mércores e xoves un curso sobre o funcionamento dos dispositivos desfibriladores externos semiautomáticos (DESA), homologado pola Consellería de Sanidade dependente da Xunta de Galicia. O curso foi impartido pola autoescola Lusant en colaboración coa Concellería de Seguridade Cidadá e Promoción da Saúde.

Este novo curso, que ten un carácter marcadamente práctico, encádrase nun proxecto iniciado neste ano pola Concellería de Seguridade para facer Ponteareas unha vila cardioprotexida. Dentro deste, o Concello instalou neste ano tres desfibriladores de última xeración nos campos de fútbol de Pardellas, Angoares e Areas, instalacións deportivas de grande utilización. Este novo curso ven a mellorar a formación de diversos traballadores municipais que xa recibiran anteriormente un curso básico sobre RCP e manexo destes dispositivos.

Actos vandálicos contra espazos públicos

O Goberno local de Ponteareas amosou a súa indignación polos últimos actos vandálicos que teñen como obxectivo as zonas de lecer infantís e os espazos públicos municipais.

O executivo que preside Xosé Represas, lembrou que estes actos “supoñen un ataque directo contra os intereses xerais dos veciños e veciñas” xa que “afectan directamente aos espazos nos que xogan os seus fillos e fillas ou onde gozan do seu tempo de lecer”.

O Concello de Ponteareas, que pide a colaboración cidadá para eliminar o vandalismo do municipio, asegura que tomará as medidas legais oportunas “contra aqueles que, sen ningún tipo de escrúpulos, destrozan aquilo que é propiedade do conxunto da veciñanza”.

Os últimos actos vandálicos tiveron como obxectivo a zona de recreo infantil do Regato da Venda, onde roubaron case que todos os elemen-



tos de peche do parque. Esta circunstancia representa un grave perigo para os nenos e nenas que utilizan dita zona, xa que se atopa moi preto do regato, circunstancia “pola que se priorizará este traballo para garantir a seguridade dos pequenos usuarios e

usuarias desta zona de lecer”.

A maiores, os actos vandálicos, lembra o Concello de Ponteareas, “supoñen un evidente prexuízo contra o peto dos veciños e veciñas xa que as reparacións teñen que ser realizadas con cargo ás arcas municipais”.

A asociación de veciños Paseo Matutino esixe ao Concello o inicio das obras de humanización desa rúa

A Asociación Paseo Matutino quere lembrarlle ao Alcalde a través dun escrito á prensa, a promesa que este lles fixera de que no mes de marzo comezarían as obras de humanización desta rúa de Ponteareas, e que pa-

sado este mes consideran que está faltando á súa palabra.

Entenden que se trata dunha obra que debe ser executada de maneira urxente, dada a precariedade na seguridade viaria debido a gran cantidade de mocidade que

transitan por esa rúa cara os institutos. En vista do retraso no inicio das obras, algúns membros da Asociación de veciños do Paseo Matutino contactaron cos propietarios dos terreos afectados pola obra e lles informaron que nin-

guén do Concello contactara con eles para acordar os pormenores das pertinentes autorizacións e previsións de obra.

Desde a Asociación de Veciños do Paseo Matutino consideran que, “unha vez máis, fomos enganados polo actual goberno de Ponteareas, mentíndonos descaradamente, xa que nin sequera se puxeron en contacto cos propietarios dos terreos afectados para poder iniciar as obras.”

Tamén lle lembran ao Alcalde o gran malestar manifestado polos

veciños deste barrio con respecto á limpeza viaria e dos beirarrúas, xa que xeralmente se fai ao mediodía, provocando colapso no tráfico, ensuciando os coches e paralizano aos transeúntes, chegando incluso a mollalos e manchando as cristaleiras dos negocios. Solicitanlle que tome as medidas oportunas para que estes traballos se realicen, como noutras cidades, durante a primeira hora da mañá para así non interferir no tránsito de vehículos e evitar o malestar de peóns e comerciantes.

PONTEAREAS

21,4 millóns de euros nos orzamentos do estado para a Circunvalación e para mellorar a seguridade na N-120

Despois das distintas manifestacións vertidas nos medios de comunicación con relación á postura do PP en Madrid no que atinxe ás “melloras na N-120” ao seu paso polo termo municipal de Ponteareas, hoxe publicados os Orzamentos do Estado, o Partido Popular afirma que o compromiso do Ministerio de Fomento con Ponteareas cumprese e faise realidade cunha dotación no orzamento do Estado de 2,22 millóns €, 1,22 millóns € para executar neste ano e 1 millón € para o ano 2018.

A maiores, tamén quedou incluída unha partida económica de 19,20 millóns € distribuída en catro anualidades para a construción da “Variante de Ponteareas” que é outro dos grandes compromisos adquiridos polo PP e ratificado nun protocolo asinado pola Ministra de Fomento na anterior lexislatura, Ana Pastor e o exalcalde Solla e a Conselleira Ethel Vázquez.

O Deputado no Congreso pola provincia de Pontevedra, Tomás Javier Fole, achegouse á vila de Ponteareas para reunirse cos re-

presentantes da Plataforma N-120 na Casa Cultural de Xinzo onde explicou os pormenores dos investimentos recollidos no presente orzamento do Estado que atinxen a Ponteareas e, ao mesmo tempo, aclarou a postura que adoptou o grupo popular en Madrid na Comisión de Seguridade e Movilidade.

Tomás Fole e Salvador González Solla, explicaron aos membros da Plataforma N-120 que o importante é que neste momento aparezan recollidas partidas económicas no orzamento 2017 do Estado, e menos importante é si eses cartos se invisten en rotondas ou en semáforos, porque iso é competencia dos técnicos de Fomento que deben facer un proxecto que mellore a seguridade vial, que é realmente o que lles importa aos veciños, e do cal estaremos pendentes para que sexa un proxecto consensuado cos membros da Plataforma e con todos os grupos políticos.

En contestación ás verbas da concelleira socialista de Ponteareas, Vanesa Fernández, alar-



mando aos veciños e desacreditando os concelleiros populares ao acusalos de desinterese polo noso pobo, Salvador González Solla dille á concelleira “que dende o grupo municipal popular levamos anos traballando nestes dous asuntos e tratando de buscar solucións tanto co Ministerio como coa Xunta de Galicia, e que

grazas a este traballo acadáronse estes investimentos que agora si están incluídos nos orzamentos do Estado”, e que si quere axudar e demostrar neste caso que o grupo socialista de Ponteareas apoia as demandas dos veciños o que debería facer é convencer aos seus representantes no Congreso e aos de En Marea para que

apoién estes orzamentos.

Dende o PP de Ponteareas sentense satisfeitos de que por fin se atendan estas dúas históricas demandas do pobo de Ponteareas que para nos son de xustiza e de máximo intereses non só para os veciños de Ponteareas senon tamén para os da Comarca.

Xosé Represas considera “clave” a unidade das forzas políticas e sociais para que Fomento execute as inversións previstas nos orzamentos

O alcalde de Ponteareas, que cualificou de “positiva” a previsión de investimentos dos Orzamentos Xerais do Estado, adiantou que activará unha Comisión de Seguimento na que estean representados colectivos sociais, veciñais e empresariais.

O alcalde vén de facer un chamamento á unidade das forzas políticas e sociais do

municipio para que a Circunvalación de Ponteareas e as obras de mellora da N-120 “execútense sen mais demora”. Represas amosou a súa satisfacción tanto polas previsións que, para o municipio, figuran nos Orzamentos do Estado para este 2017, coma polos compromisos que este documento acada ata o 2020.

Se ben, lembra o alcalde ponteareán,

noutras ocasións, incluído o 2016, “figuraron partidas nos Orzamentos que nunca chegaron a executarse”, neste caso hai unha diferenza substancial xa que, puntualiza Xosé Represas, “hai un compromiso plurianual de investimento para executar a circunvalación ata 2020”.

Dado que segundo o rexedor municipal, esta previsión conta “con maior rigor” que outras anteriores, o alcalde de Ponteareas amosa a súa firme intención de “poñer todo o que estea na nosa man para rematar con esta situación que se arrastra xa dende hai 20 anos”.

A Comisión que creará, explica o alcalde,

terá como finalidade “facer un seguimento dos compromisos do Estado para a execución da Circunvalación e asegurar o cumprimento dos prazos”. A importancia desta obra para o futuro de Ponteareas, engade Represas, “fai necesario as forzas políticas, sociais, veciñais e empresariais, traballe-mos xuntas para acadar este fin”.

Finalmente, Xosé Represas anunciou a intención de manter encontros con responsables do Ministerio de Fomento e da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio “para dar cumprimento ao Protocolo de Colaboración asinado en maio de 2015 polas tres administracións”.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03



Concellería de Ensino

PONTEAREAS

A CIENCIA NAS RÚAS

Do 24 ao 29 de abril



+ info:

<http://semanadasciencias.ponteareas.gal>



XUNTA DE GALICIA

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

PATRIMONIO

- do 24 ao 28 de abril

Visita de escolares de Ponteareas ao Museo "Ciencia en movemento" no Auditorio "Reveriano Soutullo"

- 25 e 27 de abril

Visita de alumnado de bacharelato á empresa Ecocelta

- 28 de abril

Visita de alumnado do CRA "A PICARAÑA" ao Museo do Mar en Vigo

Conta atrás para a Semana das Ciencias en Ponteareas

A II Semana das Ciencias dará comezo o 24 de abril e repartirá as súas actividades entre as Salas do Auditorio, a Biblioteca, o Concello e as rúas de Ponteareas

Nesta nova edición da Semana das Ciencias, a Concellería de Ensino ven de organizar diferentes actividades para os escolares de todos os Centros de Ponteareas así como para todo o público en xeral, cun cartel amplo e diverso que ten como principal obxectivo “levar a Ciencia a toda a veciñanza, así como facer que o noso alumnado vexa a parte práctica e máis atractiva de distintas materias educativas do ámbito científico”, comenta Cristina Fernández Davila

Dende o 24 ata o 29 de abril, poderemos disfrutar do Museo Científico “Ciencia en Movemento”, dirixido ao alumnado de 6º de Primaria e 4º ESO. Conferencias a cargo de recoñecidos científicos como Xerardo García Mera, Andrea Fernández Vilela, Bárbara

Álvarez Besadio, Sergio Quiroga Rivero e o coñecido físico Jorge Mira Pérez. A “Feira das Ciencias” nas rúas do entorno do Auditorio, onde exporán inventos, proxectos e investigacións diversas o alumnado dos Colexios e Institutos. E “Achégate á Ciencia” con diferentes experiencias científicas diante do Concello.

Como novidades este ano se incorpora o Seminario para Profesorado “Achegamento da Ciencia á Ensinanza” na Biblioteca Municipal, cos relatores: J. Benito Vázquez Dorrio e Antonio Gregorio Montes, abrindo a inscrición a todo o profesorado de Ponteareas e a súa Comarca ata o vindeiro 20 de abril. E o sábado 29, ás 19 h. farase a clausura coa representación da obra “Non toques os meus círculos” de Artello



Teatro no Auditorio Municipal.

Cristina Fernández engade que “este ano teremos a sorte de contar coa presentación de “Microcharlas” de alumnos/as de diferentes Centros antes do comezo das Conferencias, polo que convidamos a todos os pais e nais a achegarse ao Auditorio para presenciar o estreno destes futuros científicos”.

Paralelo a todo o evento na vila, están organizadas distintas saídas educativas para o alumnado: O de Bacharelato visitará as instalacións da empresa Eco-celta, productora de vermicompostaxe e o alumnado de Infantil do CRA “A Picaraña” que fará unha excursión ao Museo do Mar

en Vigo, posibilitando así que todos os Centros Educativos teñan o seu espazo dentro da Semana das Ciencias.

“É moi importante en calquera actividade organizada dende a Concellería de Ensino, e moito máis na Semana das Ciencias, a colaboración e implicación do profesorado, equipos directivos dos Colexios e Institutos e tamén do alumnado voluntario. Todas as ideas e actividades a desenvolver foron propostas en distintas reunións nas que mediante consenso foise creando o cronograma deste evento. Agardamos que esta nova edición teña polo menos o mesmo éxito que a do ano 2016”, engade Cristina Fernández Davila.

Nace en Xinzo a asociación Familias Azuis

Co gallo do día mundial da Concienciación do autismo, a recén xurdida asociación Familias Azuis, con sede no Centro Cultural Xinzo, celebrou unha gala de presentación no auditorio de dito Centro Cultural.

A Asociación naceu este ano grazas ao programa “Coídamos-Tea” levado a cabo pola Federación Autismo Galicia nos concellos de Cee, Monforte, Burela e Ponteareas. Este programa serviu para asesorar e informar ás familias e profesionais de nenos con TEA.

O domingo 2 de abril esta asociación sen ánimo de lucro presentouse nunha gala en Xinzo da man de dúas familias e neste acto interviñeron Cristina Couto da Federación Autismo Galicia, Fabián Gallié, do CEIP Mestre Valverde Mayo, e representantes do Concello de Ponteareas como Verónica Carrera, todo isto acompañado da gran actuación para tódolos públicos de Uxia e Magin Blanco.

milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Cartallos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATIERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

(SPG)
TALLERES

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

Restaurante O'Rianxo
Algo diferente no Condado

Terraza de verán interior
Ctra. N-120
Vilagroburo - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 986 654 434

TAPERIA
Nosa Terra
RESTAURANTE

Menú obreiro - Pechado luns tarde e festivos
Especialidade en embutidos, carnes e peixes

986 642 052 Rúa Camelias, 10 Ponteareas

ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instituto Autorizado PO-1823

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforra enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel. 986 65 82 07 Móvil 651 06 01 55 / Btl. email: administración@electricidadcondado.es
Polg. Ind. Chan da Pena, Nave 1 - 36450 SALVATIERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

**I FEIRA DE MINERAIS DE
GULÁNS-PONTEAREAS**

O OURO
De Galicia

**5,6 E 7
DE MAIO
2017**

FÓSILES
MINERAIS
XOIERÍA...

EXPOSICIÓN E VENTA

No CENTRO CULTURAL DE GULANS,
DE 10.00 A 21.00H.

Colaboran

GULANS  Concello de Ponteareas 

GPS
42° 9' 25.0837" N
8° 32' 17.4966" W

PRESENTACIÓN 2017

**Club Ciclista
Ponteareas**

1 de MAYO 19:00h

**AUDITORIO REVERIANO SOUTULLO
PONTEAREAS**

NOVA DIRECTIVA / NOVOS PATROCINADORES

 **SERVICIOS LOGÍSTICOS
SOUTO S.L.**  **DAFER**

 **DARLIM**  **Grupo Bidas**  **OGAL PM**  **PORTOMARTINEZ**



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

SALVATERRA DE MIÑO

A saúde, o latexo da nosa vida

Con motivo da conmemoración do Día Mundial da Saúde o Concello de Salvaterra de Miño organizou o domingo 9 de abril a 1ª Xornada "A Saúde, o latexo da nosa vida", na Praza do Concello, unha xornada totalmente gratuíta e aberta a tódolos públicos.

As 10 da mañá abríronse os obradoiros onde diferentes profesionais formaron aos asistentes. Con dous obradoiros de reanimación cardiopulmonar, un en adultos e outro en nenos e en bebés, onde se ensinou as pautas de actuación ante unha parada cardíaca e o protocolo de reanimación, realizando unha parte práctica con bonecos de reanimación. Tiveron outro obradoiro onde se abordou como responder ante un atragantamento, mostrando como desobstruír a vía aérea e as manobras a realizar, diferenciando por idades, e explicouse que é e para que se utiliza a Posición Lateral de Seguridade. Ademais informouse das actuacións que se deben realizar ante un incidente ou accidente de alcance sanitario, que hai que realizar antes da chegada dos profesionais sanitarios e explicouse como funcionan os teléfonos de emerxencias, como chamar, como aportar información do lugar, información do sucedido, como axudar ás equipas de emerxencia a atopar o lugar, que facer ou preparar mentres esperamos. Os asistentes visitaron o interior dunha ambulancia, o interior do Bus de formación do Grupo Ambuiberica e os membros de Escudería Surco ensinaronnos



como se realizan os primeiros auxilios en automobilismo de competición.

Para os máis cativos realizouse un obradoiro de debuxo e unha xincana de reanimación cardiopulmonar, onde se examinaron as habilidades aprendidas polos rapaces á hora de identificar a unha persoa inconsciente, en parada cardiorespiratoria, a solicitude de axuda e as manobras de reanimación.

Durante toda a xornada os asistentes puideron comprobar a súa tensión arterial e o nivel de azucre.

O Concello quere agradecer a colaboración de todos os profesionais, asociacións e particulares que fixeron posible esta xornada, como Protección Civil de Redondela, A Academia Galega de Seguridade Pública, O Grupo Ambuiberica, O Centro de Formación Virgen de San Lorenzo, A Asociación de Técnicos de Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia e Escudería Surco.

Clausura do Curso "Coñece o teu mobil" en Salvaterra

Desde febreiro, durante 20 días repartidos en dous días a semana, en clases de hora e media, as dúas profesoras encargadas de impartir este curso dirixido a persoas maiores e que tiña como obxectivo achegalos ao uso e manexo das novas tecnoloxías, neste caso o teléfono móbil, ensináronlles o manexo de programas básicos do móbil, como gardar contactos, eliminar e gardar contactos desde rexistro de chamadas, por unha ou varias alarmas, o uso da calculadora, personalizar as pantallas de inicio e bloqueo, cambios de pantalla, enviar, ler e eliminar mensaxes de texto, o uso da cámara de fotos e o uso do calendario. Ademais os alumnos e alumnas aprenderon a manexar whats app, a crear grupos, enviar fotos, audios, vídeos, contacto, emo-

ticonos, enlaces, a reenviar mensaxes, a bloquear contactos, silenciar grupos e contactos e a cambiar a foto de perfil.

Tamén aprenderon como a través do teléfono se pode acceder ao Sergas, osea, ao uso cotiá das novas tecnoloxías, así aprenderon a gravar datos na aplicación, a pedir unha cita no centro de saúde e a consultar citas pendentes.

Adretrándose un pouco máis no uso de internet a través do seu teléfono tamén se centraron nas redes sociais como facebook e aprenderon a usar o GPS ou o Google Maps, a conectarse a unha rede wifi e a buscar información a través do navegador, en fin aplicaron as diversas opcións que ten hoxe en día a telefonía a vida cotiá.



CONDADO/PARADANTA

ARBO

A Festa da Lamprea de Arbo é de Interese Nacional

A Festa máis antiga do país dedicada a lamprea, que se ven celebrando dende o ano 1961 e recoñecida como de Interese Turístico de Galicia desde 2005, estrea este ano categoría de Festa de Interese Nacional, declarada por resolución de 12 de abril de 2016.

Do venres 28 ao domingo 30 os visitantes poden degustar a lamprea tanto nas casetas da festa como nos diferentes restaurantes de Arbo, que eses días acostuman a estar cheos polo que se recomenda se faga reserva con antelación. A lamprea e acompañada de viños albariños

e condados dos que Arbo tamén pode presumir.

Este ano destacan no cartel os concertos que terán lugar na praza do Mercado, de distintos grupos vigueses: o venres 28 A Roda, o sábado os grupos Weli Kings e Antifragil e o domingo 30 Eladio y los seres queridos.

Eventos destacados da festa son o Xantar, a Arbomostra e a Gala da Lamprea.

O Xantar terá lugar no Restaurante Os Pirús ás tres da tarde do sábado 29, a un prezo de 45 euros e cun menú con entrantes: xamón, empanada de lamprea, lam-

prea frita rebozada, primeiro prato: Lamprea seca rechea con salpicón, lamprea do miño estilo arbense con arroz e picapostes, segundo prato: Cabrito de San Fins ou carné estofada con guarnición. Postre: cañitas e leite frita.

A Arbomostra é unha feira de mostras agroindustrial e artesán que se celebra no recinto do CEIP Antonio Carpintero, onde tamén se poden coñecer os viños de Arbo e degustar tapas de lamprea, e que permanece aberta do venres ao domingo.

A Gala da Lamprea ten lugar o venres da Festa da Lamprea e neste acto entregan-

Brais Alonso (deste certame sae o cartel para a Festa da Lamprea Seca que ten lugar en Agosto) e os premios os nenos do CEIP Antonio Carpintero.

Outras actividades paralelas, como a III Marcha BTT da Lamprea o domingo 23, actividade ciclista non competitiva de uns 40 km. de dificultade media-alta ou as xornadas técnicas sobre enoloxía que se desenvolverán no auditorio o venres 21 de abril ás 17h., sobre formación de expertos en análise sensorial, e o luns 15 de maio ás 9h. sobre os escumosos galegos.

Vinculado á lamprea existe un patrimonio cultural e etnográfico importante ao que podemos achegarnos visitando o Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Arabo" situado na vila de Arbo. Parte dese patrimonio son as pesqueiras do río Miño e visitalas sería un complemento ideal para esta celebración.

sen os premios os gañadores do Concurso do Cartel anunciador da Festa, o C e r t a m e

LVII FESTA DA LAMPREA **ARBO**

Os días 28, 29 e 30 de Abril de 2017

Venres 28

17:30 h. Inauguración oficial de ARBOMOSTRA 2017
 18:00 h. Pasarelas polo Grupo de Gaitas "AMIGOS DO CHUCO"
 20:30 h. GALA DA LAMPREA no Auditorio do Centro Multiuso de Arbo
 Amenizan: ANDREA POUSA e o BRUXO QUEIMAN, e os Pianistas ANDREA GONZÁLEZ e DANIEL PEREIRA
 Pola noite gran verbena cos Orquestras

LA FÓRMULA na Praza Consistorio e **A RODA** en concerto, na Praza do Mercado.

Sábado 29

11:00 h. Pasarelas a cargo da **BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO** e a **BANDA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA**
 De 11:00 h. a 23:00 h. Visitas a ARBOMOSTRA 2017
 12:30 h. Recepción de Autoridades no Concello
 12:30 h. Pregón
 12:45 h. Actuación ANDREA POUSA e o BRUXO QUEIMAN, na Praza Consistorio e Arbomostra
 13:30 h. Interpretación de Músicas pola **BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO** na Praza Consistorio
 15:00 h. Xantar da Lamprea
 17:30 h. Pasarelas a cargo das Charangas **LENA VERDE** e **IMPERIAIS**
 18:30 h. Actuación do Grupo Folclórico **ASOC. CULTURAL "A VELLA BARCA"**, na Praza Consistorio
 19:30 h. Concerto pola **BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO**, na Praza Consistorio
 21:00 h. Concerto de **MIGUEL SUCASAS JAZZ QUARTET**, no Auditorio do Centro Multiuso
 Pola noite gran verbena amenizada polas orquestras

FUNÇÃO PÚBLICA e **PASSARELLA** na Praza Consistorio
 e **WELI KINGS E ANTIFRAGIL** en concerto, na Praza do Mercado

Domingo 30

11:00 h. Pasarelas e concerto pola **BANDA DE MÚSICA DE VALGA**, na Praza Consistorio
 De 11:00 h. a 23:00 h. Visitas a ARBOMOSTRA 2017
 12:00 h. Pasarelas pola Charanga **NBA**
 12:30 h. Actuación do Grupo Folclórico de **ASOC. CULTURAL A BARCA DE LOINIL**, na Praza Consistorio
 13:30 h. Actuación ANDREA POUSA e o BRUXO QUEIMAN, na Praza Consistorio e Arbomostra
 17:30 h. Pasarelas polas Charangas **LENA VERDE** e **NBA**
 18:30 h. Pasarelas e concerto pola **BANDA DE MÚSICA ARTÍSTICA DE MERZA**, na Praza Consistorio
 20:00 h. Exhibición do **GRUPO DE BAILE MEGADANCE DE ARBO**, na Praza Consistorio
 22:00 h. Gran verbena amenizada polas Orquestras

GRAFFITI e **PANAMA** na Praza Consistorio
ELADIO Y LOS SERES QUERIDOS en CONCERTO, na Praza do Mercado

EN CASO DE MAL TEMPO AS ACTUACIÓNS REALIZARÁNSE NO AUDITORIO DO CENTRO MULTIUSO OU NA CARPA DE ARBOMOSTRA

ORGANIZA: Festa de Interese Turístico Nacional, Concello de Arbo
 COLABORA: XUNTA DE GALICIA, DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, GALICIA, ABANCA

LIMPIEZAS PONTAREAS

Comunidades, Colexios, oficinas
 cristalerías, moquetas, abrillantado
 de suelos, primeiras obras,
 limpeza de fachadas

Rúa As Lavandreas, 3 Baixo
 36860 PONTAREAS
 Telf. y Fax: 986 661 052

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
 Productos Agrícolas, Enoloxicos e fitosanitarios

986 642 507
 Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
 Ctra. de Salvaterra Ponteareas

ALBARIÑO
Viña Araujo
RIAS BAIXAS
 DENOMINACION DE ORIGEN

Telf./fax : 986 658 066
 Porto-Praza, 5
www.adegaaraujo.com

Sergio Pazos pregoeiro da XI Festa da Sementeira e Música de Corzans

A Asociación Quinta do Piñeiro ven de presentar, coa colaboración do actor Sergio Pazos e do Concello de Salvaterra de Miño, o cartel da XI edición da súa festa da Sementeira e Música que se celebrará o vindeiro 14 de maio na area recreativa do Muíño de Corzans, ao carón do Campo de fútbol.

Na presentación que tivo lugar nas Minas de Dona Urraca de Salvaterra, a organización quixo agradecer aos propietarios da Quinta do Piñeiro, lugar onde ata o momento se viña celebrando o evento, pola súa colaboración durante todos estes anos. A gran afluencia de público durante as últimas edicións e o ofrecemento por parte do concello para o uso das instalacións municipais orixinaron este cambio de ubicación.

Destacan no cartaz deste ano, a participación de artistas tan salientables como Sergio Pazos quen será o encargado de ler o pregón e de grupos de música tradicional tan coñecidos como o quinteto Tanxugueiras, Alga-



rabía, As Lucernas ou Ronco e Fol. Que amenizarán unha xornada chea de diversión, onde a labrada tradicional con bois ou as olimpíadas agrícolas farán as ledicias de grandes e pequenos. Un xantar campestre composto de carne ao caldeiro, empanada, xamón asado e polbo axudarán aos asistentes a recuperar as forzas. Ademais, o evento que será presentado por X.M Xespi, contará coa II exposición de tractores antigos, un concurso con premios aos mellores vestidos/as de labre-

gos/as e multitude de postos artesanais.

Por outra banda, a organización tamén agradece ao Concello de Salvaterra e a Deputación de Pontevedra, aos patrocinadores e ás empresas que nesta edición están a colaborar coa realización da festa. Así como, a todas aquelas persoas que a título persoal cada ano colaboran para que unha festa como a da Sementeira e Música se estea a converter nunha data clave dentro dos eventos desta indole.

Letras de Diferenza, performance en Salvaterra

O próximo martes 18 de abril, as 12.00h na Praza do Concello de Salvaterra de Miño, terá lugar o espectáculo "Letras de Diferenza" da Performance Marta Cuba a través do programa provincial Mulleres en Acción – Violencia zero.

Marta Cuba é deseñadora gráfica e artista interdisciplinaria, experimenta entre territorios, entre o corpo e as súas pegadas. Na súa obra enséñanos como existe unha liña fina, extremadamente fina, sobre a que é difícil moverse. Entre o que esperan dun e o que esperas do teu. Moverse entre o esperado e o inesperado. Entre o aceptable e o marxinal. Unha liña que separa o seu copodo do corpo do resto de corpos.



Novo horario de apertura do Punto de Información Turística Municipal.

O Punto de Información Turística do Concello estará situado no interior do Castelo de Dona Urraca, cun horario de apertura ao público de 11.00 a 14.00h e de 16.00 a 20.00h os sábados, domingos e festivos a partir do 13 de abril.



o remendón

Cerraxería **24 HORAS**

vivenda - automóbil - chaves

Reparación de calzado

Tel. 637 764 865
cerraajeroremendon.com
Rúa Raíña Dona Urraca, 20-baixo 3
Salvaterra de Miño

ler e Punto

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCERÍA - LABORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS

Tel: 986 648 114 - 607 577 147
ENTRADA de AS NEVES
Frente á gasolaneira, e xunto a XES

BIMCA, S.L.

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTOS Y AZULEJOS
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA de MIÑO
Tel. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274
e-mail: bilmca@bilmca.com www.bilmca.com

Forjados Hnos. Durán S.L.

Fábricas y Oficinas:
Santiago de Ribarieme, 1
36147 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 130
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

kidea

agasallos personalizados

Tel. 986 659 430
Rúa Rosalía de Castro, 107
SALVATERRA DE MIÑO

Abzi

PUBLICIDAD

arte na publicidade

REDONDELA



Festival de curtametraxes españolas en Redondela, do 24 ao 30 de abril

O Concello de Redondela organiza o XIII festival Redondela en Curto os días do 24 ao 30 do mes de abril dedicando os tres primeiros días a sesións infantís dentro da sección "Cinema no Ensino" na que colabora a Asociación Andaina. Todas as proxeccións, fóra dalgunha escolar, faranse no Multiusos da Xunqueira.

As actividades comezarán o luns 24 de abril no municipio de Arcade, no concello de Soutomaior, cunha sesión para nenos/as en idade escolar, ao día seguinte, o martes 25 de abril, o Festival trasladarase a Chapela repetindo a proxección para os alumnos/as de Chapela, o mércores as actividades realízanse no edificio Multiusos da Xunqueira para o alumnado de Redondela, e o xoves realízase unha Charla coloquio con Chano Rodríguez e Martín de la Puente, que leva o título de "Integración Social e Atención a Dependencia", acto ao que asistirán varios centros educativos.

O xoves 27 de abril a partir das 21 h inaugurarase o Festival coa actuación do dúo musical "Tatán Chapeu" formado polo actor redondelano Eduardo Cunha "Tatán" e o pianista Alberto Vilas, acto seguido darase a benvida aos actores convidados ao acto de inauguración: Lucía Regueiro, Miguel Branco e Isabel Naveira todos eles protagonistas da teleserie "Serramoura" que emite a TVG. O acto estará presentado polo actor local Miguel Borines compañeiro na teleserie.

O venres 28 de abril comezarán as proxeccións a concurso a partir das 18 h ata as 22 h e ao día seguinte e ata o domingo 30 de abril proxectaríanse todas as películas a concurso dentro das distintas seccións. O domingo 30

de abril ás 21 h clausurarase o Festival outorgando os vencedores da XIII edición do Festival Redondela en Curto

O festival de curtametraxes en Redondela Curto é unha das citas esenciais nos festivais de curtametraxes en todo o país. Cada ano reciben ao redor de 800 películas, o que confirma o enorme impacto á chamada do noso concurso. Despois da súa duodécima edición, podemos dicir que hoxe en día é un dos festivais máis consolidados do país e comprometido co mundo das curtametraxes.

Redondela en Curto está integrado por varias seccións. Na Sección Oficial compiten 16 obras audiovisuais previamente seleccionadas por un xurado designado pola organización. Durante os catro días de duración do Festival, as películas son proxectadas en catro pases diferentes, de maneira que os espectadores poidan ter acceso a todas as películas seleccionadas e votar a aquela que consideren merecedora do premio de público. Por outra lado, un equipo de profesionais será o encargado de outorgar o premio do xurado.

O Festival se caracteriza polo seu compromiso co panorama audiovisual do momento en España, pero nunca

sen esquecer ao cinema realizado en Galicia. Por iso é polo que, desde hai uns anos, apóstase por crear unha sección dedicada exclusivamente ao audiovisual galego, "Cinema Galego", co obxectivo de que en todas as edicións do festival, Galicia sempre teña presenza e así impulsar a curtametraxe da nosa comunidade.

Cada ano de convocatoria Redondela en Curto recibe un número considerado de películas a concurso onde a duración mínima para participar na sección oficial é de catro minutos. Tras a numerosa chegada de películas que non cumpren devanditos requisitos, Redondela en Curto ideou a sección "Curtísimas", este apartado mostra as mellores películas a concurso onde o único requisito é non chegar aos catro minutos de duración.

Unha das apostas máis grandes de Redondela en Curto na sección "Cinema no Ensino" na que colabora a asociación Andaina (asociación de acción social, sen ánimo de lucro, que atende a persoas con necesidades especiais) dentro da sección proxectamos películas ao alumnado de Redondela e arredores coa intención de sensibilizar ao espectador.



Programa do Festival

Sección Oficial

Bloque 1

17 años juntos, de Javier Fesser

Nini, de David Moreno

Last Memory, de Juan Luis Moreno Some

El andar del borracho. de Pol Armengol

Bloque 2

Lurna, de Nani Matos

La invitada, de Grojo

El mal amor, de Sergio González-Román

Yerbabuena, de Estefanía Cortés

Bloque 3

Sputnik, de Vicente Bonet

Ciudadanos, de Marc Nadal

Nevada, de Javier Kuhn

La invitación, de Susana Casares

Bolque 4

Einstein-Rosen, de Olga Osorio

Traveling man, de Pablo L. de Aramburu

The Darkness Keeper, de Rodrigo Atiénzar

Baraka, de Néstor Ruiz Medina

Cine Galego

Toc-Toc, de Daniel Veira

Cartas a Superman, de David Fidalgo

Superpunk, de Pablo Cachada de Paz

Curtísimas

Haloperidol, de José Manuel Carrasco

Piedra, papel, tijera, de Hector Sanfer

Una mirada, de Artura Sánchez

Portero automático, de Sergi Martí

Basura, de Juan Silva

82 años, de Néstor López

Estribillo, de César Tormo

Andaina

Así besa el ciego, de Blanca Beneito

Sordas, de Genesis Lence

Ni dos ni cuatro, de Sergi González

Eli, la pasión sueca, de Miguel Argilés

Ringo, de Adriá Pagés

Horario

Xoves 27

ás 21h. concerto de Tatán "chapeu", inauguración e pase do bloque 1

Venres 28

ás 18h. bloque 2, ás 19:15h. Cine Galego, ás 20h. bloque 3, ás 21:10h. Curtísimas, ás 22h. bloque 4.

Sábado 29

ás 18h. bloque 2, ás 19:15h. Cine Galego, ás 20h. bloque 1, ás 21:10h. Curtísimas e as 22h. 5º Premios Andaina

Domingo 30

ás 12h., no Local Social Andaina, 5º Premios Andaina, ás 18:00 h. bloque 3, ás 19:15h. Cine Galego, ás 20h. bloque 4 e ás 21h. Clausura e entrega de premios

Prezo único das entradas 3 euros

Tui celebra do 15 ao 24 de abril as Festas de San Telmo

A promoción do Camiño de Santiago será tamén un dos obxectivos dos festexos patronais

As festas de San Telmo 2017, que se celebrarán do 15 ao 24 de abril en Tui, estarán marcadas pola promoción do Camiño Portugués de Santiago e polo seu carácter popular. Así o explicaron en rolda de prensa, o alcalde, Enrique Cabaleiro, acompañado polos concelleiros María José González, Yolanda Rodríguez, Laureano Alonso, José Martínez Tato e Miguel Capón Rey. Por motivos laborais non puideron estar presentes Carmen Núñez e José Ramón Magán.

A concelleira de Cultura, María José González, destacou que continúan coa aposta iniciada en 2016, cando o Concello

se fixo cargo da organización dos festexos patronais, pensando unhas festas para vivir e disfrutar na rúa. Coma novidade destacou o concerto do grupo Mago de Oz, previsto para o sábado 15 na rúa Compostela con entrada gratuíta, ao que se suma outro cambio substancial na programación que será que cada día se combine a actuación dunha orquestra (Passarela, América, Abanico, Capitol e Olympus) nas verbenas cun grupo musical (Fillos do Estramonio, Batemento, Pelepau e 6TAs9). Tamén ao igual que o ano pasado haberá actividades infantís todas as mañás na Área Panorámica a cargo de En Un



Tris Tras e polas tardes proxecións de cinema.

Ao tempo mantéñense eventos xa tradicionais cunha gran acollida por parte do público coma o Festival Folclórico o domingo 16, e a IX Semana de Teatro Afeccionado que terá lugar do luns 17 ao sábado 22. Amosou o agradecemento do Concello ás asociacións culturais tudenses tanto nestas actividades coma noutras que teñen lugar ao longo das festas e de todo o ano.

No eido deportivo o concelleiro de Deportes e Turismo, Laureano Alonso, deu conta da celebración de eventos xa consolidados coma a Carreira Solidaria de San Telmo xunto á Andaina de San Telmo, unha Concentración de Coches Clásicos, un curso de Marcha Nórdica, o II Torneo Cidade de Tui de Fútbol Sala e a Copa San Telmo Eurocidade de Fútbol. Tamén explicou que este ano na Feira Cabalar, que se celebra o luns de San Telmo – 24 de abril – terá lugar ao longo de toda a xornada con distintas actividades e exhibicións.

O concelleiro de Medio Ambiente, José Martínez Tato, explicou que durante as festas reforzase o servizo de limpeza na limpeza para que a cidade estea en perfecto estado, ao tempo que aproveitou para solicitar a colaboración cidadá para manter Tui Limpo.

Yolanda Rodríguez, concelleira de Facenda, explicou

dende o equipo de goberno apostan por facer unhas festas abertas para todos os públicos con actividades para disfrute da cidade, nas que o Concello fai un esforzo importante para que sexan unhas festas dignas e de calidade. Con respecto ao cambio de emprazamento das atraccións das festas, insistiu que a

mento xa que conseguiron por a dispor 10 mil metros máis grazas a acordos con propietarios de distintos terreos.


Pola súa parte o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, anunciou que a profesora Dolores Balseiro Pose será a responsable da lectura do pregón das festas no acto a celebrar o próximo sá-

A profesora Dolores Balseiro será a pregoeira, e farase unha homenaxe a Víctor Manuel Vázquez Portomeñe

entrada en funcionamento do novo centro de saúde fai incompatible que se instalen no lugar onde o viñan facendo ata o de agora na traseira da área Panorámica. A posta a dispor do novo terreo na finca Patazumba, que foi acondicionando oportunamente, é unha decisión pensada e consensuada por todo o equipo de goberno.

O tenente alcalde e concelleiro da Eurocidade, Miguel Capón Rey, puxo o énfase no recoñecemento que durante o acto inaugural das festas se realizará a Víctor Manuel Vázquez Portomeñe polo seu papel fundamental na revitalización do Camiño de Santiago, outorgándolle a medalla de honra da cidade na súa calidade de ouro, tal e como acordo a corporación municipal en pleno. Tamén puxo énfase que este ano haberá máis prazas de aparca-

bado, 15 de abril, ás 19.30hno Teatro Municipal de Tui. Incidiu amais o rexedor na aposta que durante estas festas se fai polo promoción do Camiño Portugués a Santiago, que será o eixo condutor do libro das festas con aportacións de historiadores e xornalistas especializados na materia. Un libro que será tamén unha homenaxe aos empresarios e industriais de Tui xa que no mesmo recolleranse fotografías antigas que recollen a importancia comercial da cidade, imaxes que tamén se exhibirán nunha exposición que abrirá as súas portas o sábado na Sala Municipal na Área Panorámica. Rematou o alcalde convidando a tudenses e visitantes a disfrutar duns festexos declarados de interese turístico galego polos seus múltiples atractivos, e que volverán pór a Tui no mapa cultural de Galicia.



BAIXO MIÑO

TUI

San Telmo 2017 arranca con Mägo de Oz



Mägo de Oz

Do 15 ao 24 de Abril terá lugar a festa na honra de San Telmo en Tui. Veciños e visitantes poderán gozar ao longo destas xornadas cos numerosos actos programados nesta Festa de Interese Turístico de Galicia.

Programa de festas

II Torneo Cidade de Tui de Fútbol Sala no Pavillón San Paio e Pavillón novo de Tui, do 13 ao 15 de abril.

Sábado 15 de Abril, ás 19.30 horas terá lugar no Teatro Municipal a lectura do pregón da festa a cargo de Dolores Balseiro Posse. Entregarase a Medalla de Ouro a D.Victor Manuel Vázquez Porto-

meñe e a bandeira de Tui ás asociacións culturais e clubs deportivos. Actuación de Contradición.

Ás 20:30h. inaugúrase a mostra de fotografías antigas na Sala de Exposicións. Ás 21h desfile de Xigantes e Cabezudos desde a Área Panorámica ata a Praza da Inmaculada, acompañados polo grupo de gaitas Santa Columba de Ribadelouro, e ás 21.30 horas acendido do alumeado das festas.

Ás 22.00 horas a rúa Compostela acollerá o concerto, con entrada de balde, do grupo Mägo de Oz, banda de folk metal, creada en 1988 conta cunha longa traxectoria musical sempre liderada por Txus di Fellatio. A banda, con

estilo propio e orixinal, realiza un gran directo con doses de rock, heavy metal e celta.

O Domingo 16, ás doce e media da mañán, a Banda de Música Popular de Tui actuará no Paseo da Corredoira e a partir das cinco da tarde a Charanga Cantos Somos polas rúas de Tui.

Ás 18.00 horas dará inicio no Teatro Municipal o Festival Folclórico Festas de San Telmo con dez grupos participantes. Ás 19.00 horas a orquestra Passarela animará a verbena no Paseo da Corredoira, lugar que acollerá ás 21.00 horas o concerto de Fillos do Estramonio e ás 23.00 horas á orquestra Passarela.

Venres 21

De cinco a oito da tarde desenvolverase un curso de Marcha Nórdica no Pavillón novo.

Ás sete da tarde comeza no Paseo da Corredoira o Festival de Karaoke coa SpaceMusic

Ás 22.00 horas a orquestra América animará a verbena na rúa Compostela e a formación

Batemento ofrecerá un concerto no Paseo da Corredoira ás 23.30 horas. Batemento, de Salceda de Caselas, son fusión pura e dura. Mesturan como ninguén estilos musicais máis actuais como o pop, dance e chillout coa gaita galega ou irlandesa, a fruta barroca ou o whistle.

Semana de teatro e actividades para nenos e maiores

Do luns día 17 ao venres 21 haberá actividades infantís con En un Tris Tras, de 11:30h. a 13:30h. no edificio da Área Panorámica, porta 4, con entrada libre ata completar aforo.

Nestes días de luns a venres, ás 16:00h, na Sala Félix Rodríguez da Área Panorámica, porta 10, proxectarase cinema infantil coas películas Zootrópolis, Buscando a Dory, Angry Birds, Trolls e El libro de la selva, respectivamente.

Do luns 17 ao sábado 22 terá lugar no Teatro Municipal a IX Semana do Teatro Afeccionado San Telmo coa representación, o 17 de "Médico a forza" polo grupo Santiago de Malvas, o 18 "Claro e Clara non se aclaran" do grupo Aloia de

Pazos de Reis, o 19 "Gran Circo Randulfini" de Chirlomirlo de Randufe, o 20 "O Indiano" do grupo San Fins de Rebordáns, o 21 "A lotaría" do grupo de teatro Atalaia do Centro Socio-comunitario de Tui, e o sábado 22 "A herdanza de Dona Urraca" de Mesturanzas de Areas. As representacións pola semana serán ás 21:15h. e o sábado ás 20:15h. As entradas custan a 1,5 euros.

De luns a mércores, ás cinco da tarde actuará unha coral nun centro social de Tui. O luns 17 a Coral Ponte das Febres no Centro de día Amoralia, o martes a Coral San Telmo na Residencia San Telmo e o mércores a Coral do Centro Social de Tui na Residencia Paz e Ben.

TUI TOYS
UNA JUGUETERÍA DIFERENTE... Y MAS
C/AUGUSTO GLEZ. Nº17-TUI-TLF: 986 184 428
mail: tuitoys@hotmail.com

ALIMENTACIÓN A TENDA
Servicio a domicilio (consultar)
Lunes de 10:00h a 14:00H
De Martes a Sábado de 09:30h a 14:00h y de 17:00h a 21:00h
Abrimos Domingos y festivos de 10:00h a 14:00h
C/ Ciguñeiras 11 Tlf: 667 741 992
Guilfarel - Tui 625 439 544

ACADEMIA EIS
ORDENADORES • CONSUMIBLES • REPARACIONES
Rúa Casal Aboi, 10 Baixo - 36.700 TUI
Telf: 986 600 272 - Móvil: 658 855 661
eis_academia@hotmail.com

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURÍA DE SEGUROS
Ovidio Carballo Patricio
Dpto. Comercial
Avda. Calvo Sotelo, 13 - Baixo - 36700 TUI
Telf: 986 601 539 - Fax: 986 607 028
Móvil: 629 880 027
ovidio@hnos-nunez.com

LABORES DOMÉSTICAS **SERVICIO DE CANGUROS**
edades
ASISTENCIA HOSPITALARIA AYUDA A DOMICILIO
TIENDA ORTOPEDIA TERCERA EDAD
Telf: 986 60 06 42
C/ Maristas, 5 bj-dcha
Tui (Pontevedra)
www.edades.org/tui10.htm

LA GRAN MANZANA
CAFÉ & HELADERÍA
TUI

BAIXO MIÑO

TUI



Pelepau

Sábado 22

Ás 10h. sairá a Andaina Festas San Telmo desde o palco da música no Paseo da Corredoira

Ás 12h. xogarase a Copa San Telmo Eurocidade no Campo de Fútbol "Álvarez Durán" de Tui.

Ás 12.00 horas a charanga Cantos Somos animará as rúas da localidade.

Pola tarde, ás 17.00 horas, terá lugar no Paseo da Corredoira a Concentración e Exposición de

Coches Antigos e a charanga Cantos Somos volverá a animar coa súa música. Ás 19.00 horas sairá o desfile de xigantes e cabezudos co acompañamento musical do grupo de gaitas Santa Columba de Ribadelouro.

Ás 21.30 horas celebrarase na praza de San Fernando o III Encontro de Bandas de Gaitas Cidade de Tui e ás 21.00 horas comezará a verbena na rúa Compostela a cargo da orquestra Aba-

nico. Ás 22.30 horas dará inicio no Paseo da Corredoira o concerto de Pelepau, grupo de percusión de música tradicional.

Domingo 23

Ás 10.30 horas será a saída a Carreira Solidaria San Telmo, desde o Paseo da Corredoira, lugar onde ás 12.30 horas a Banda Municipal de Tui ofrecerá un concerto.

Ás once da mañán sairá o desfile Exaltación do traxe tradicional desde a Área Panorámica ata a Praza de San Fernando, con grupo de gaitas Lóstregos e de baile Saragana da A.X.C. do Traxe Tradicional de Tui.

Ás 17.00 horas a charanga Cantos Somos animará as rúas da localidade, ás 20.00 horas a orquestra Capitol amenizará a verbena na rúa Compostela, ás 21.30 horas a formación 6tás9, grupo de cordas de Valença, ofrecerá un concerto no paseo da Corredoira e ás 23.00

horas a orquestra Aramio animará a verbena no citado paseo e logo a orquestra Capitol continuará a verbena na rúa Compostela.

Luns 24 (festivo local)

Ás 09.00 horas comezará no barrio de San Bartolomeu a Feira Cabalar, e ás 10.00 horas oficiará na catedral a misa en honra a San Telmo e procesión pola Coronilla.

Ás 18.00 horas a Banda de Música da Escola Naval de Marín

ofrecerá un concerto na praza de San Fernando e ás 19.00 horas dará inicio na rúa Compostela a verbena, a cargo da orquestra Olympus.

Ás 21.00 horas fieis e devotos poderán participar na solemne procesión de San Telmo. Ás 23.30 horas haberá unha gran tirada de fogos de artificio. A verbena, a partir da medianoite na rúa Compostela, a cargo da orquestra Olympus.



Batemento

PULPEIROS
ARENTEIRO
do Carballiño

TINTORERÍA Y LAVANDERÍA
Servicio a domicilio

Limpieza en seco
Lavado
Planchado
Servicio industrial y de hogar

Alfombras - Moquetas
Arte, Mapa y Piel
Limpieza de tréculas
Reparaciones de alfombras

C/ Orense, 5 - TUI - Telf. 986 601 610
C/ Compostela, 2 - SALCEDA - Telf. 687 200 781

DIPER
Cafés & Bómbas

sobor para cada momento del día

AVD. CONCORDIA 69-03 TUI

A Taberna Tui

TODOS LOS JUEVES CALLOS E PULPO
A FEIRA PARA COMER O PARA LLEVAR.
TAPAS DE OREJA, ZORZA, ETC...

C/ MARISTAS, 26-TUI TL: 635 612 114

Cafe - Bar
SOEIRAS

Tel.: 986 601 796

Ponteleva 10b - Guillarei 36700 - Tui (Pontevedra)

RECAMBIOS LODAUTO

RECAMBIOS Y ACCESORIOS
DEL AUTOMÓVIL

Telf. 986 607 047
Fax. 986 602 388
Avda. Concordia, 92 - TUI

facebook.com/recambios.lodauto
www.recambioslodauto.es

GOLOSOS

Caramelos
Helados
Snacks
Refrigerios
Tartas de cumpleaños
Artículos de Regalo

Calle Díaz 18 - TUI Telf: 886 135 477
661 53 56 75

facebook.com/golosatui

Somos Diferentes
Endulzate la vida

Escolemos en Ourense - Galicia

Construcciones
ito

Al. al. 986 60 52 83

Reformas
Pinturas
Muebles
Electricidad

www.itoconstruccion.es

Tito piscinas

TENEMOS TODO
PARA TU PISCINA

www.piscinasdeltito.es

BAR O POLÍGONO

*COMIDAS
*BOCADILLOS
*TAPAS

PONTENOVA, 40
GUILLAREI (TUI)
Telf: 986 60 21 82

LOURIÑA

O PORRIÑO

200 trampas nas parroquias de O Porriño contra a vespa velutina

A Concellería de Medio Ambiente segue adiante coa "loita activa" contra a Vespa Velutina, "realizando unha campaña moi polo miúdo que ten coma obxectivo o trampeo das raíñas e un seguimento constante do número delas atrapadas", indica o concelleiro Marcelino Coto.

Precisamente este mércores, especialistas de Adoa, a empresa contratada polo Concello para que colocase as 200 trampas que están situadas en todas as parroquias do Porriño, procedían a renovar as mesmas, "un proceso que se fai cada 15 días".

Coto subliña que estes 'cepos' están dotados cun atraínte de nova xeración "específico para insectos desta especie e que ten coma principal obxectivo captura das raíñas fundadoras dos niños xusto neste intre, coincidindo co inicio da primavera, no que é máis prolífica".

O concelleiro amósase especialmente agradecido á Aso-



ciación de Apicultores que, coincidindo coa celebración da Feira Apícola das Rías Baixas no Porriño, felicitou á Concellería de Medio Ambiente polo seu esforzo na loita contra esta especie invasora e puxo á mesma coma un exemplo.

"Este traballo-sinala Marcelino Coto- responde a unha sensibilidade histórica deste concello co mundo apícola, que ten coma exemplo a Feira

que se organiza na vila dende hai preto de 30 anos, e co interese de dar unha resposta rápida e organizada a un problema que afecta a todas as veciñas e veciños do Porriño".

Coto subliña que o Concello seguirá asumindo o custo da loita contra a Vespa velutina e que ao final da campaña se analizarán os resultados para medir a súa efectividade e decidir que outras medidas haberá que poñer en marcha.

O Porriño dá o primeiro paso para licitar as comunicacións do Concello

O obxectivo final é ter un sistema moderno, seguro e rápido que facilite ás xestións á cidadanía

Alcaldesa do Porriño mantivo unha xuntanza con responsables de distintas áreas do eido das telecomunicacións coma primeiro paso de cara a sacar a licitación as comunicacións do Concello, tanto de sistemas informáticos como de datos e voz.

A nova infraestrutura informática "deberá axustarse ás novidades e aos adiantos que se impoñan", sinala a rexedora, de aí esta xuntanza con estes especialistas que, logo de rematar un estudo sobre das necesidades que ten a administración local, fixeron unha proposta.

A licitación ten coma finalidade dotar ao Concello de fibra óptica, dispoñer dunha banda, dun caudal que permita a transmisión e recep-



ción de datos con axilidade, de cara a acabar cos trámites físicos, e funcionar coas todas ferramentas ofimáticas necesarias en un entorno de traballo seguro.

O obxectivo final é ter un sistema moderno, seguro e rápido que facilite ás xes-

tións aos veciños, o cal implicará una "licitación complexa e cun custo considerable" pero que, apunta a rexedora, "deixará postas as bases do que serán as bases tecnolóxicas da Administración Municipal durante os vindeiros 15 anos".

Clase de vida sana e deporte da man das xogadoras do Godoy Maceira

Os nenos e nenas do Colexio Santo Tomás do Porriño recibiron a visita do equipo coincidindo coa celebración do Día Internacional da Saúde, que o centro conmemora cada ano cunha xornada de portas abertas repleta de actividades.

O técnico, Abel Estévez, e as xogadoras Itzel Aguirre, Selene Sifuentes, Sarai Samartín, Sara Gil, Susi Sánchez, Irene Sánchez e Danilza Liranzo, acompañados por un dos compoñentes do club vigués de Esgrima "O Olivo", aconsellaron a alumnos, familiares e profesores sobre a importancia de levar unha vida activa e saudable e compartiron con eles as súas enriquecedoras experiencias neste ámbito. O persoal do equipo de División de Honra do Bm. Porriño son un

claro exemplo de como levar este estilo de vida.

Aínda que a charla estaba dirixida ao campo da saúde, os pequenos non se resistiron e aproveitaron a visita do equipo para preguntarlles sobre o deporte que practican. Estévez e as súas xogadoras, departiron cos nenos e nenas do colexio sobre numerosos temas, entre eles sobre a importancia de compaxinar estudos e a práctica deportiva ou a dificultade de ser profesional nos deportes minoritarios. Así, deportistas e escolares gozaron xuntos dunha xornada de portas abertas no cole que novamente, resultou todo un éxito, e na que pequenos e maiores compartiron xogos, competicións e diferentes propostas lúdicas ao longo de toda a mañá.



Asinado un convenio cunha empresa de automoción que permitirá realizar prácticas na mesma

Un convenio asinado pola Alcaldesa, por parte do Concello do Porriño, e os responsábeis dunha importante empresa do sector da automoción, permitirá que 7 persoas que estaban en situación de demandantes de emprego empecen a realizar prácticas na devandita firma.

Do 20 de marzo ao 4 de abril, 15 persoas recibiron, no Centro Municipal de Torneos, formación teórica en inxección de plásticos, financiada pola Concellería e Emprego, dacordo coas necesidades sinaladas por esta empresa de xeito que se axustase ao perfil dos postos que a mesma precisa cubrir.

Destas 15 persoas, 7 son as

que o vindeiro xoves día 6 empezarán a súa formación práctica nesta importante empresa de cara a mellorar as súas posibilidades de seres contratadas para ocupar varios dos empregos que oferta esta compañía.

Este convenio forma parte dos acordos anunciados pola alcaldesa, Eva García de la Torre, e pola concelleira de Emprego, Soledad Girón, polos que o Concello quere mellorar as expectativas das porriñesas e porriñeses que estean no paro de integrarse ou voltar ao mercado de traballo, recibindo unha formación teórica e práctica que se adapte ás necesidades reais das múltiples empresas que están no Porriño.

O PORRIÑO

León Benavente e Eladio y los seres queridos actuarán no espazo Mahou do Festival de Cans

Por segundo ano consecutivo, a Leira de Alicia acollerá o Espazo Mahou, promovido por un dos principais patrocinadores do Festival e concibido como un punto de encontro multidisciplinar entre profesionais do sector e o público, no que todas as persoas asistentes ao Festival de Cans poderán gozar de diversas actividades relacionadas co cinema e a música.

A primeira delas, terá lugar o día 26 ás 20h00, co concerto

Mahou Cinco Estrellas de León Benavente, unha das grandes referencias da escena independente a nivel estatal. A banda de Abraham Boba -tamén músico de Nacho Vegas- será o prato forte da tarde-noite do venres en Cans, que estará complementado con proxeccións e actividades paralelas para que todo o mundo poida gozar e vivir o festival. O acceso a este concerto será gratuito previa retirada dunha pulseira de acceso no posto de merchandising

do Festival, que abrirá a partir das 17h00 e entregará 500 pulseiras en rigorosa orde de solicitude física. Tras esta actuación, a festa prolongarase ata a medianoite coa pinchada de DJ Edu Romero no Discochimpín.

Para a tarde do sábado 27, apostarase polo talento galego coa actuación de Eladio y Los Seres Queridos. A banda viguesa actuará no Espazo Mahou da Leira de Alicia a partir das 20h30 horas para ofrecer un concerto ao cal se accederá de xeito gratuito ata completar aforo. Eladio tocará ante o público de cans "Cantares", recoñecido nos últimos premios MIN da Música Independente 2017 como o mellor álbum en galego do ano, pero tamén rescatará unha parte importante dos seus temas de sempre. Ademais, de xeito complementario, o Jalpón de Alicia acollerá unha escolma de clips que farán un repaso pola traxectoria da banda, sempre cunha parte visual moi coidada



na que tomaron parte realizados cunha interesante traxectoria no eido dos videoclips como Manuel Pitolés ou Alberto Baamonde.

Estas non serán as únicas actuacións musicais do Festival de Cans, que continúa traballando no cartaz musical e tamén en todos a programación de cine, despois da reorganización de contidos que tivo que sufrir o festival despois da decisión da Agadic de deixar a Cans e catro festivais máis fóra das axudas, e que actualmente está recurrida tanto polo Festival de Cans, coma

polo resto dos festivais.

Outra das novidades que a organización prepara para esta edición será a presenza de Rafa Centeno e Inés Abril, do restaurante con Estrela Michelin Maruja Limón, que ofrecerán un showcooking co patrocinio de Mahou e o apoio de Lasal cocinas a tarde do xoves 25 de maio. Ambos prepararán, ante o público que se achegue á Praza do Concello do Porriño, unha selección de "Tapas de Cinema", integrando a gastronomía co sétimo arte, elemento central do Festival de Cans.

A alcaldesa propón cubrir o torreiro de Cans

Alcaldesa, acompañada da conceleira de Emprego e Igualdade mantivo este martes unha xuntanza con membros da Asociación de Veciños de Cans para coñecer ás súas necesidades e transmitirles o seu compromiso persoal e do do Goberno local para acometer as melloras que precisa a parroquia.

Eva García de la Torre presentoulles unha idea para cubrir o Torreiro, de xeito que poida usarse durante moitos máis días ao ano, unha obra que é posible acometer en pouco tempo. Ademais, sinalou que no marco dese traballo se adiantará en conquistar un entorno máis habitábel e se rematarán as accións de saneamento que precisa Cans.

Os representantes da Asociación de Veciños expuxéronlle a rexedora unha lista de necesidades, parte das cales



abordará xa o Concello, coma o arranxo das 'marquesiñas' e a colocación dunha nova na zona da gasolineira- para o transporte escolar-; achegar a rede wi-fi, formar ás persoas máis vellas nas novas tecnoloxías- o Goberno local disporá a realización dun curso destinado a exclusivamente a

elas- e a humanización de parte da parroquia.

Así mesmo, os veciños amosaron á alcaldesa a súa satisfacción pola mellora da limpeza e, especialmente, polo remate do rozado de camiños e pistas, que era unha reclamación que se lle fixera ao Concello.



Convocada a Cans Parade

O Festival de Cans abriu o prazo da Can Parade, a súa cita anual coa arte e os creadores e creadoras máis novos, que este ano cambiará a súa ubicación trasladándose á Praza do Concello.

As persoas interesadas en formar parte da mostra deben remitir un correo electrónico a canparade@festivaldecans.com antes do 28 de abril, no que manifesten o seu desexo de participar e inclúan os seus datos persoais, a súa formación e un portfolio, imaxe, documento ou enlace web no que se poidan ver algúns dos seus traballos (web persoal, perfís ou páxinas en redes sociais: facebook, twitter, instagram, tumblr...) para poder

ser avaliados á hora de realizar a escolla. Unha comisión de persoas da organización do Festival, coordinada por Alberto Alcalde, escollerá aos 10 creadores finalistas.

A través desta iniciativa, o Festival convida a artistas, deseñadores, creadores ou colectivos de calquera disciplina e de calquera punto de Galicia a decorar libremente a silueta do seu emblema oficial, o Can de Cans, sen ningún tipo de restricións técnicas nin materiais. Nas últimas edicións participaron artistas das máis diversas disciplinas, tales como fotógrafos, graffiteiros, creadores de artes plásticas ou debuxantes de banda deseñada, e das catro provincias galegas e de Portugal.

LOURIÑA

O PORRIÑO

Nace a A.D. Avanza-Concello do Porriño de Ciclismo

Alcaldesa, Eva García de la Torre e o tenente de alcalde e concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, presidiron o venres día 7, na Praza de Antonio Palacios, a presentación da 'Asociación Deportiva Avanza-Concello do Porriño' de Ciclismo, que, coma sinalou Manuel Carrera, "recupera, logo de moitos anos, una escola de ciclismo para O Porriño".

A nova asociación, que terá coma principal patrocinador entre os once que colaboran coa mesma- ao Concello do Porriño, está integrada por máis de 40 rapazas e rapaces de entre 4 e 18 anos de idade, que estarán formados e formados por dous estuendos adestradores e excelentes deportistas, Luis Fernández Oliveira e Abel Maceira.

O presidente de Avanza-Concello do Porriño, Miguel Ángel García, subliñou que a finalidade é, en primeiro lugar que "as nenas e nenos gocen co ciclismo e que aprendan os valores que este deporte vailles transmite e que serán unha base esencial da súa formación coma persoas".

Así mesmo, García indicou que estas es estas pequenas e pequenos deportistas, competirán en cadetes, infantís, alevíns, principiantes e promesas, en probas coma o Campionato de Galicia en Ruta, rallye ou Mini BTT, empezando o vindeiro día 28 de maio, no Velódromo do Porriño, nunha proba de Mini BTT organizada polo propio Avanza-Concello do Porriño.

O concelleiro de Deportes, e o



ciclista máis salientable da historia do Porriño, Manuel Carrera amosouse emocionado e "moi orgulloso" polo feito de que este equipo empece con "tanta forza e tantos azos".

Carrera, dirixíndose ás cativas e cativos, sinalou que "empezades un traballo que os marcará para sempre: se algún de vós chega a ser ciclista profesional

será unha alegría, pero o máis importante é que aprenderedes valores coma o compañeirismo, a solidariedade, a deportividade, a amizade ou o traballo en equipo".

O concelleiro lembrou que outro grande equipo do Porriño, o Spol, formou durante medio século a infinidade de deportistas, "coma moitos de nós, que chegamos a participar na Volta

a España ou no Tour de Francia, e estou encantado e feliz de que volvamos a ter unha escola de ciclismo que permita ter grandes corredores de novo. Hoxe é un día moi importante para o noso deporte, para o deporte do Porriño".

Pechou o acto a alcaldesa quen se dirixiu de xeito especial ás corredoras do Avanza- Conce-

llo do Porriño ás que cualificou de "pioneiras" ao tempo que amosou o orgullo que os porriñeses teñen polos seus deportistas, e felicitou a todos os integrantes do club "parabéns pola vosa ilusión, é algo moi importante porque é algo que da o deporte, algo que fai que os deportistas se enfronten á vida dun xeito distinto e especial".

www.novasdoeixoatlántico.com



O PORRIÑO

A Alcaldesa nega que prepare un "catastrazo"

A alcaldesa cualifica de "dobre mentira", a afirmación do Partido Popular do Porriño de que o Goberno local prepara un 'catastrazo' e lamenta a irresponsabilidade e o cinismo dos dirixentes populares neste tema.

Eva García de la Torre sinala, en primeiro lugar que, como puideron comprobar as veciñas e veciños, dende que chegara a Alcaldía, o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) non só non subiu senón que baixou, algo que tamén sabe moi ben o Partido Popular.

En segundo lugar, a 'regularización catastral' da que fala o PP do Porriño está instruída de oficio polo Ministerio de Facenda e Función Pública que está dirixido por Cristóbal Montoro, militante do Partido Popular.

Isto supón que as cartas que lles cheguen ás porriñesas e porriñeses informándolles de que se lles abre procedemento de regularización catastral e que teñen que pagar, de entrada, 60€, as envía a Dirección Xeral do Catastro, un organismo dependente do Ministerio de Facenda, baixo a responsabilidade do dirixente do PP Cristóbal Montoro.

Esta mesma advertencia ven de facela, de xeito moito máis responsable, a alcaldesa de Mos, vicepresidente do Partido Popular de Pontevedra que, tal e como publicaron varios medios de comunicación, informa as súas veciñas e veciños de que van a recibir unha carta de regularización catastral.

A alcaldesa de Mos aclara, literalmente, que "aqueles veciños que estean incursos no procedemento de regularización catastral teñen que pagar unha taxa de 60€ establecida polo Catastro e que a recadación corresponde única e exclusivamente ao Catastro, non tendo absolutamente nada que ver coa mesma o Concello de Mos".

Esta información deixa ao descuberto a mentira do PP do Porriño que, ademais, oculta o feito de que esta revisión está dirixida a aqueles que non pagan o IBI co cal, seica, o que tentan os dirixentes populares é beneficiar e seres cómplices destas persoas, en prexuízo das porriñesas e porriñeses que si cumpren coas súas obrigas.

García de la Torre aclara, en terceiro lugar, que si é partidaria de aplicar unha porcentaxe correctora aos valores catastrais das edificacións do Porriño, que non se actualizan dende 1985, hai xa 32 anos, en especial ás naves de moitas das empresas dos polígonos industriais. Foi ela mesma quen o expuxo nun Pleno da Corporación, sen agocharse, como afirma o Partido Popular, e informando delo a todos os grupos políticos do Concello e aos veciños.

Como sabe moi ben o PP, esa corrección non afectaría ao tipo do IBI que pagan os porriñeses polas súas casas, o que supón que o seu recibo apenas subiría uns céntimos de euro, senón que incidiría, principalmente, nas em-



presas que traballan nos polígonos, que teñen a obriga de pagar este imposto como todos os cidadáns.

A elo engádese o feito de que o propio Ministerio de Facenda xa adiantou que revisará, de oficio, os valores catastrais de aqueles concellos que levan moito tempo sen facelo, coma o do Porriño, e que aplicará unha corrección do 1,08% a base sobre a cal se calculará o valor catastral, o que non afectará ao tipo do imposto que se aplica aos porriñeses polo cal, "na práctica será inapreciable".

A alcaldesa lamenta, por último, que o Partido Popular afirme, "o único obxectivo é recadar fondos e cun único beneficiado, o Concello...", esta frase é especialmente desprezable e aínda máis cando ven dun grupo político que tivo a responsabilidade de goberno.

Eva García de la Torre lembra que a Administración Municipal presta incontábeis servizos, que eses servizos teñen un custo,

que pagan os porriñeses, e que aqueles que xestionamos os cartos das veciñas e veciños temos unha grande responsabilidade e a obriga de que os mesmos redunden en beneficio dos cidadáns.

A alcaldesa lembra que grazas á 'estupenda' xestión do PP, o Concello do Porriño ten que devolver unha importante cantidade da taxa do lixo cobrada a empresas dos polígonos logo da anulación da ordenanza de recadación: "facer esta devolución suporá que os recursos de todas e todos os veciños se vexan reducidos".

Ademais, remata García de la Torre, as porriñesas e porriñeses non esquecen que todos os concelleiros do Partido Popular votaron en contra, nun Pleno do Concello, de que 1.300.000€ dos veciños se destinasen a investimentos no Porriño e preferiron que eses cartos seguisen en poder do banco antes que destinalos a obras e inversións moi necesarias na nosa vila.

Renovados 400 metros do abastecemento de augas

A alcaldesa do Porriño e presidenta do Consorcio de Augas do Louro, visitou o remate da obra que se ven de facer nas rúas Bos Aires e Progreso para a renovación duns 400 metros da rede de abastecemento.

Coma salientou o xerente do Consorcio, Rufino Rodríguez, esta obra fíxose en coordinación coa Axencia Galega de Infraestruturas e contou cun orzamento duns 45.000.

Os traballos consistiron na retirada das canalizacións de fibrocemento, que nalgúns puntos presentaban crebadas, o cal causaba fugas, e se substituíron por conducións de fundición-de 90 milímetros de diámetro-, na rúa Progreso e por outras de polietileno-de 200 milímetros de diámetro-, na Avenida de Bos Aires.

Eva García de la Torre subliñou que con esta obra, que se aproveitou para o cambio da capa de rodaxe, "o pavimento das dúas rúas", garántese o subministro evitando avarías e, tamén, ter que estar levantando o firme cada vez que aparece unha filtración ou se produce o rompemento dun tubaxe.



LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda presenta as súas propostas ao Plan Concellos da Deputación

O Concello de Salceda de Caselas ven e presentar as súas propostas para realizar dentro do Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra. Os proxectos responden a diversas solicitudes realizadas polos veciños e veciñas do municipio, así como polos grupos da oposición a través do Rexistro Municipal.

Acometeranse obras en diferentes áreas, priorizando as diferentes solicitudes recibidas, os compromisos electorais do Equipo de Goberno, así como as obrigas contraídas polo Concello de Salceda, como no caso da primeira fase da urbanización do PERI UE 2 no que se construírá o novo Centro de Saúde, e para o cal se destina a maior partida do Plan Concellos (200.000 €).

Continuando co Plan de Sendas Fluviais que está a levar a cabo o Equipo de Goberno, acometerase un novo tramo de paseo de 789 metros no Río Lan-

dres entre O Seixo e o Muiño da Pereira, que servirá de unión entre os tramos xa existentes no Río Landres e no Regato da Lagoela. Para este proxecto destínase un total de 105.205,18 €.

Dando resposta a unha solicitude feita polos veciños e veciñas do barrio de Pegullal, así como a unha pregunta formulada en Pleno polo PSOE, propónse tamén unha actuación de ordenación da zona do Rubás para uso recreativo. Co proxecto búscase a recuperación do entorno da "Mina" e a "Fonte de Rubás", e a posta en valor dunha zona pública no entorno do Pazo de Pegullal, de gran interese como área recreativa. Neste caso destínase un total de 45.169,05 €.

No campo do ensino propónse a mellora da Aula de Fontán do CRA Raíña Aragonta, que presenta actualmente varias necesidades de urxente solución. Tamén neste caso os grupos da oposi-

ción tiñan trasladado diversas peticións ao respecto, ás que agora se lles dá resposta. As melloras consistirán fundamentalmente no cambio de tellado da aula así como na instalación dun equipo de calefacción axeitado, para o cal se destinan 26.545,64 €. Complétanse as actuacións en ensino co suministro de equipos de alarmas para as sete aulas existentes nas parroquias, nas que continuamente se están a producir roubos que se espera se solucionen con esta medida, que vai supoñer 2.964,50 €.

Por último propónse unha partida para suministros na que se adquiriran diversas ferramentas e maquinaria para o departamento de vías e obras, así como a compra de contedores de reciclaxe e bancos para os espazos públicos.



Neste caso o investimento será de 19.987,89 €.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: "Presentamos unha serie de propostas baseadas nas diferentes solicitudes recibidas ao longo do ano polos veciños e veciñas de Salceda, así como

polos grupos da oposición. Con estas iniciativas damos resposta a moitas desas solicitudes ao tempo que garantimos que as inversións van destinadas a proxectos necesarios para garantir e mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza.

O PP denuncia o "abandono" das beirarrúas na zona de A Devesa



O PP de Salceda denuncia o "lamentable abandono" no que se atopan as beirarrúas na zona de A Devesa, concretamente nas rúas Vigo e Joaquín Fernández Sestelo. O voceiro do grupo popular, Santiago Rodríguez Davila explica que nesa zona "hai moitas losetas rotas e buratos de gran tamaño" e engade que "existe desnivel das mesmas polo que esiximos que se destinen todos os medios necesarios por parte do goberno municipal para

adecentalas".

Rodríguez Davila afirma que "son lugar de paso para moitos veciños e para os nenos que se dirixen ó colexio" e alerta do perigo que supón este abandono, que levan máis de 5 anos nese estado e afirma que "en lugar de ser una prioridade o acondicionamento das mesmas, o Alcalde prefire gastar en colocar vallas propagandísticas e con información manipulada o lado das mencionadas beirarrúas".

MOS

A mosense Carla Ramírez Senlle proclámase Campioa Galega de Xadrez sub-12

Dende o día 8 ao 11 de abril, disputáronse os Campionatos Galegos de Xadrez por idades no Hotel Scala, na localidade de Padrón.

A mosense Carla Ramírez Senlle presentouse á categoría sub12 (menores de 12 anos). Carla xa fora campioa da provincia de Pontevedra nos campionatos provinciais o pasado mes de xaneiro, nesta mesma categoría sub12. E esta pasada fin de semana proclamouse Campioa Galega, finalizando na clasificación xeral no posto 12 de 101 participantes e na clasificación feminina, finalizando como campioa.

Ramírez é unha xogadora veterana do Club de Xadrez Mos. Leva no club desde a súa creación. E estes resultados, tanto o título de mellor xogadora de Pontevedra de menos de 12 anos, coma o título de Campioa Galega sub12, son o froito de anos de traballo.

Ademais de Carla, 3 xogadores do Club finalizaron entre os 20 primeiros clasificados nos Campionatos Galegos de Xa-



drez: Gabriel González Romeu finalizou 10º de 101 xogadores, Xabier Pérez Sousa finalizou 13 de 101 xogadores e Pablo Losada Pérez finalizou 19 de 101 xogadores. Todos eles son xogadores que levan no Club Xadrez Mos dende a súa creación.

O título de Campioa Galega de Carla, ábrele as portas a

esta mosense para disputar o Campionato Nacional sub12, o próximo verán en Salobreña, Granada. Ramírez Senlle está becada pola Federación Galega de Xadrez ao proclamarse campioa da comunidade. Representará ao Concello de Mos a nivel nacional, xunto con Xabier Pérez Sousa, que tamén o fará en categoría sub10.

Os traballos de limpeza de Costa dos Castros permiten descubrir novos petróglifos no Viveiro, en Oia

O Viveiro concentra unha gran cantidade de petróglifos de diversas temáticas e cronoloxías, que van desde o Calcolítico-Idade do Bronce (hai uns 4.000 anos) ata a época histórica.

Os traballos de limpeza de vexetación que Costa dos Castros vén de desenvolver na zona do Viveiro, na parroquia de Pedornes (Oia), tiveron entre outros resultados o descubrimento de novos petróglifos que se suman aos xa coñecidos, o que leva a constatar a elevada densidade de gravados rupestres que existe nesta área.

A intervención, enmarcada dentro das actividades da Asociación Costa dos Castros para este ano e que foi posible grazas a unha campaña de crowdfunding, desenvolveuse ao longo de catro semanas dos meses de febreiro e marzo en terreos da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pedornes. Unha brigada da Xunta foi a encargada de acometer os traballos, desenvolvidos baixo a supervisión da arqueóloga Elisa Pereira.

Entre os motivos que se poden atopar están os xeométricos (circulares, liñas, covañas...), axedrezados, cruciformes, serpentiformes, antropomorfos (formas humanas) e incluso escenas de monta.

Con todo, o gravado máis coñecido nesta área é o de Auga dos Ce-

bro, que representa unha embarcación mediterránea do segundo milenio antes de Cristo e que é único en toda a fachada atlántica europea. Na súa contorna hai catalogados outros dous barcos, aínda que de menor entidade.

No caso concreto de Auga dos Cebros, Elisa Pereira incide na súa fragilidade e na necesidade de preservar este relevante gravado, mostra de que xa existían relacións entre o Atlántico e o Mediterráneo no segundo milenio antes de Cristo. Segundo destaca, acadar apoios e desenvolver accións que permitan frear o seu deterioro son cuestións moi importantes, pero tamén o son todos os esforzos que se están a facer para dalo a coñecer á sociedade e así "involucrala en algo que forma parte da súa identidade cultural".

Os labores de limpeza con control arqueolóxico no Viveiro lograron mellorar a accesibilidade da zona e diminuír o risco de incendios forestais nun espazo que reúne valores arqueolóxicos, naturais e etnográficos.

Os novos gravados rupestres non



son o único descubrimento resultante dos labores de tala e roza controlada, xa que tamén foi localizada unha das presas que se utilizaban para regadío, coñecidas como as presas de Chelo, nas inmediacións do río Vilar. Deste conxunto de infraestruturas hidráulicas que daban servizo aos veciños da Riña (Santa María de Oia) e aos de Vilar (Pedornes), só se conserva esta, de aí o seu importante valor como elemento etnográfico.

O acondicionamento realizado no Viveiro é un paso imprescindible que serve de base para futuras actuacións, como a colocación de sinais e paneis informativos que permitan aos visitantes facer o percorrido de xeito autónomo e coñecer os elementos arqueolóxicos, etnográficos e a toponimia tradicional da zona.

Nigrán instala os primeiros sanecáns da comarca

O Concello de Nigrán rematou a instalación de dez contedores para excrementos caninos nos puntos máis empregados para o paseo dos animais, sendo estes os primeiros sanecáns de toda a comarca.

Os dispositivos, debidamente sinalizados para resultar visibles e co lema 'Recole as cacas do teu can, é a túa responsabilidade', dispensan tamén bolsiñas-guante e están ubicados en Priegue (ao lado do quiosco, na avenida Pablo Iglesias), Nigrán (Praza Rosalía de Castro e Concello), Ramallosa (Parque da Alameda de San Campio e parque Carlos Casares, no entorno da piscina mancomunada) e Praia América (paseo dende Panxón a Lourido). O obxectivo

que se persigue é facilitar aos donos de cans as tarefas de limpeza e, simultaneamente, concienciar á veciñanza da irresponsabilidade e incivismo que supón non recoller os excrementos da rúa, unha acción sancionada ata con 600 euros de multa.

Esta campaña realizouse a custo cero para o Concello ao correr toda a carga dos fondos que a concesionaria Cespa debe achegar a medidas de concienciación social (a partida total neste ámbito é de 8.000 euros anuais). O modelo elixido de sanecán e o 'Madrid', fabricado en aceiro cun pintado verde antigraffiti e cun contedor central con capacidade para 55 litros e dous dispensadores de bolsas-guante de 100 unidades cada un deles



CONFITERIA
Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables
coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

BAIXO MIÑO

A GUARDA

O Concello recibe unha máquina varredora



O pasado 6 de abril o Concello da Guarda recibiu unha máquina varredora que irá destinada á limpeza de beirarrúas, zonas peatonais e calzadas da vila.

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, o Concelleiro de Servizos, Paulino Rodríguez e o Concelleiro de Vía se Obras, Miguel Español foron testemuñas de primeira man da utilidade e servizo que esta máquina poderá realizar na limpeza viaria na vila.

A recepción desta varredora faise ao abeiro dunha subvención da Liña 1 de Investimentos do Plan Concellos 2016 da Deputación de Pontevedra. O concello da Guarda solicitou unha subvención para a adquisición desta máquina de 72.600 euros, que lle foi concedida e que agora vese materializada. Finalmente resolveuse que a varredora adxudicada fora da marca HAKO, modelo CITYMASTER 600, por un prezo de 71.874 euros.

Coa varredora recibida a labor diaria dos operarios de limpeza da Guarda gañará en fluidez, eficacia e rapidez para manter A Guarda nunhas boas condicións de limpeza durante todo o ano.

A Guarda e Caminha dispuxeron dun tren turístico en Semana Santa

ACIGU critica a saída do tren turístico desde A Guarda antes de comer

Nesta Semana Santa ofreceuse un servizo de tren turístico que permite aos visitantes coñecer museos e lugares de interese de ambos os municipios, facendo un percorrido pola Guarda, e tamén para visitar Caminha, pasando o Río Miño polo Ferry-Boat. Unha maneira de compartir visitantes, compartíndoo entre as dúas vilas, dinamizando turística e economicamente a contorna.

Os traxectos, cun custo de 12€ por persoa, tiñan a saída da primeira viaxe do día ao mediodía desde os arredores da Lonxa, no Porto da Guarda. O prezo incluía a visita a museos e o prezo do traxecto no Ferry-Boat, cunha duración de entre 2 e 3 horas.

A Asociación de Empresarios da Guarda -Acigu-, que preside Carmen García Braga, presentou unha queixa

no concello guardés contra o horario da iniciativa do tren turístico posto en marcha o mércores de Semana Santa.

Segundo esta asociación "non é entendible que o tren parta con destino a Caminha ás 13:30 horas e regrese ás 15:30 horas, facendo un dano irreparable a un sector da restauración local e fomentando de

forma gratuíta as comidas en Portugal, xa que se non lles dá tempo a comer poden regresar noutro tren".

A propia presidenta acudiu ao acto de presentación do tren e formulou a queixa ante os xornalistas de Galicia e Portugal e do alcalde de Caminha. No acto indicouse que os horarios estaban marcados porque o tren tiña a base na Guarda e na necesidade de usar as horas de paso do transbordador, pero a pesar diso presentou a queixa de forma formal.



Reparouse a pasarela da Senda Litoral da Guarda tras os desperfectos dos temporais

O día 6 de abril deron comezo as obras para reparar os tramos da pasarela da Senda litoral da Guarda que se viron afectados polos temporais que sufriu a costa da vila nos pasados meses de inverno.

Os veciños tiveron que ter paciencia pois durante as obras estivo cortado o paso dende o Soiás ata o Puntal, pero estas eran necesarias para recuperar a Senda Litoral da Guarda para que poida ser desfrutada nos vindeiros meses por veciños, veciñas e visitantes.

Á súa vez o Concello realizou as obras de reparación das pasarelas de acceso ás praias, nas que a actuación



máis importante é a renovación da pasarela do Muíño. Esta obra realizouse con cargo a unha subvención de Medio Ambiente en dúas anualidades: no mes de novembro fíxose a primeira parte da actuación e agora, antes de Semana Santa, acométese a segunda.

PEDRAFURADA

Especializados en:

Callos caseros - Churrasco
Lamprea - Bacalao
Paella - Pulpo A Feira
Codillo - Ternera
Cordero - Cabrito y
Pollo al Horno casero

Dúo Musical y Aparcamiento Gratis

PRECIOS ESPECIALES PARA GRUPOS

Información y Reservas 616 144 306 - 986 659 184

OLEIROS - SALVATERRA

CAFE-BAR
PIRI-PIRI
JAMONERIA

Especialidade en
 xamón asado e
 xamón serrano

Parada Auto Industrial

Progreso, 90 . A Cañiza . 986 652 332

RIVERO Casa

RESTAURANTE

Telf: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

A GUARDA

O ferry retoma o seu funcionamento habitual



A partir do sábado 8 de abril o ferry volveu a unir as dúas ribeiras do Miño.

A paralización do servizo do ferry debeuse a que estivo no estaleiro dende marzo para acometer os traballos de mantemento anuais.

Unha vez rematados este traballos o ferry retoma o seu servizo e manterá o horario de inverno que habitualmente estaba realizando.

Aínda que mellorou a navegabilidade pode haber cancelacións moi puntuais coas mareas máis baixas ou cando haxa néboa espesa que non permita a visibilidade no río. Por iso, recoméndase informarse no mesmo día no teléfono do despacho de billetes: (+34) 986 61 15 26 no horario de atención de 10:00 a 13:00 e de 15:00 a 20:00.

O Concello da Guarda contrata 18 traballadores ao abeiro dunha subvención da Deputación

Durante a segunda quincena do recen rematado mes de marzo e nos primeiros días deste mes de abril incorporáronse ao traballo 16 das 18 persoas desempregadas que o Concello da Guarda contrata a través do Plan Concellos, dentro da Liña 3 (emprego para conservación e funcionamento de ben e servizos municipais), da Deputación de Pontevedra.

Como parte deste Plan Concellos 2017 a Deputación concede unha subvención de 163.609,06 euros ao Concello da Guarda para a contratación de 2 operarios de vehículos de limpeza viaria, 1 oficial albanel, 2 axudantes albaneis, 3 peóns forestais para desbroce, 2 varredores, 1 auxiliar para o Centro Cultural, 1 Conserxe para o Castelo de Santa Cruz, 4 operarios de limpeza de praias, 1 técnico de Medio Ambiente e 1 técnico informático. Os 16 primeiros xa se incorporaron ós seus postos de traballo nos pasados días e o técnico informático e o técnico de



Medio Ambiente iniciarán a súa actividade nas vindeiras semanas.

Con esta acción a Deputación Provincial de Pontevedra achega unha subvención que cubre os custos salariais e de seguridade social dos 18 traballadores e o Concello da Guarda aportará o importe correspondente a outros gastos como indemnizacións por fin de contrato, materiais de traballo, prevención de riscos laborais, etc.

O Concello da Guarda na con-

tratación deste ano 2017 deu prioridade a contratos máis longos que o ano anterior nos casos nos que foi posible, buscando dar así máis estabilidade aos traballadores.

Todos os traballadores foron seleccionados de entre persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego, como requisito establecido pola Deputación, e de conformidade cos criterios de preferencia fixados pola mesma Deputación Provincial.

O Concello iniciou a limpeza das praias

Unha vez rematado o inverno e superados os diversos temporais que sufriu o litoral guardés, achégase o bo tempo e a época de praia á Guarda. Neste semana espérase unha gran afluencia de visitantes e a vila xa leva días preparándose

para elo.

O Concello empezou nos primeiros días deste mes de abril os traballos de limpeza das súas praias e areais. Estas tarefas están sendo realizadas por 4 operarios de limpeza de praias, que foron contratados polo Concello da

Guarda grazas a unha subvención encadrada na Liña 3 (emprego para conservación e funcionamento de ben e servizos municipais) do Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra.

Esta actuación permitirá que guardeses, guardesas e os visitantes que se acheguen nos próximos días e durante a época de primavera-verán podan desfrutar dos tesouros naturais da vila nas mellores condicións posibles.



BAIXO MIÑO

TOMIÑO

Unha vintena de artistas luso galaicos renden tributo á figura do "espantallo"

O Mercado de Tomiño acolle durante o mes de abril, a exposición "Os Espantallos ao Vento no Camiño", no que participan vintedous artistas luso-galaicos.

Forma parte do proxecto "Retorno dos coidadores das hortas ao Camiño", evento cultural que puxo en marcha o longo da ruta peregrina de Inverno, para dar a coñecer este traxecto que transcurre entre O Bierzo (León) e Lalín (Pontevedra), tramo recentemente recoñecido pola Xunta de Galicia como Camiño de Inverno, no que durante tres anos se viñeron realizando actividades multidisciplinares relacionados co personaxe de palla, implicándose un centenar de artistas e xente do rural tanto en exposicións en diversas Salas ou na instalación de espantallos, nas hortas próximas o Camiño de Santiago, así como a realización de talleres con alumnos de diversos centros culturais e igualmente

presentación de libros sobre a mesma temática así como a representación da obra de Teatro "Espantallos Amigos" do inolvidable Neira Vilas.

"Queremos dar a coñecer os pobos polos que transcorre o Camiño, espallar a creatividade e dar a coñecer o desenvolvemento hortícola, histórico, cultural e etnográfico das aldeas", explican os responsables da idea.

Pensan que os espantallos son máis que unha ferramenta para aledar aos paxaros e queren que volvan a formar parte da campia, substituindo os plásticos e outros materiais que conforman o chamado feísmo. Na mostra tomiñesa, participarán máis de 22 artistas galegos e portugueses,

alén de implicarse un grupo de alumnos do CEP Pedro Caselles, dirixidos polo pintor de San Salvador de Tebra, Basilio Calzado. Entre os nomes máis destacados do panorama artístico nacional, atópanse, o cubano, Nelson Villalobos; vigués, Xavier Lemos; vasco, Ángel Aja; guardés, Alfonso Vicente e igualmente, creadores portugueses da talla de Mario Garrido, Victor Alves, Madalena Macedo, Sandra Longras, Mario Rebelo, entre outros.

A exposición poderase visitar en horario de mañá e tarde (no horario habitual do mercado) até o día 30 de abril e a partir deste ano decorrerá polo Camiño Português, estando xa programadas varias exposicións en distintas salas de diversos Concellos.



O pintor tomiñés, Basilio Calzado, no Liceo de Ourense

Basilio Calzado, pintor, fundador da Asociación Cultural "Val do Cereixo" de Santa María de Tebra, presenta durante a segunda quincena do mes de marzo, na Sala de Exposicións do Liceo de Ourense, unha colección de 16 de pinturas, algunhas de recente creación.

Recentemente foi seleccionado no Concurso de Artistas do Alto Minho e de Galicia, celebrado en Vila Nova de Cerveira (Portugal), ademais da participación en varios certames de pintura o aire libre. "Arte na planicie", evento plástico en Montemor O Novo, tamen no país veciño e exposicións individuais en diferentes espazos, Sala do Real Club Nautico de Bouzas e Circulo Mercantil, ambas en Vigo, así como no Multiusos de Goián e Centro Cultural A Guarda.



Calzado, paralelamente, está traballando en colaboración con alumnos de varios colexios do Baixo Miño, para realizar con alumnos varios murales en distintos lugares do Concello de Tomiño, mesmo a beira la ruta peregrina e igualmente participa no proxecto plástico multidisciplinar "Retorno dos coidadores das hortas polo Camiño de Santiago" con un cuadro de gran formato "A luz da lua".

Concurso de video sobre Tomiño

Proxecto Tomiño é o 1º concurso de vídeo sobre Tomiño que convoca o Concello, co apoio do Obradoiro de Emprego de Dinamización Turística

Este concurso de vídeos pretende dar a coñecer os recursos turísticos do territorio, para que a poboación local e visitantes poidan apreciar o valor do patrimonio e se involucren na súa protección, coidado e difusión.

Poboación local e visitantes participantes no concurso terán que elaborar un vídeo promocional que inclúa diferentes recursos turísticos de Tomiño, recollendo diferentes elementos do patrimonio cultural, medioambiental, histórico, recunchos con en-

canto, etc.. A participación suporá a aceptación das bases e a cesión do material.

Establécense diferentes categorías: Festas e eventos culturais e deportivos. Xente, folclore e costumes.

Patrimonio histórico-artístico. Natureza, paisaxe e sendas. Gastronomía.



AGENTE007.es

¿CREES QUE TE ESPÍAN?
¿SOSPECHAS DE ALGUIEN?
¿QUIERES VIGILAR TU COCHE O TU CASA?

En nuestra página web tenemos todo lo que necesitas:

- CÁMARAS ESPÍAS
- MICRÓFONOS OCULTOS
- LOCALIZADORES GPS
- EQUIPOS DE SEGURIDAD

Telf: 633417007

email: info@agente007.es

www.facebook.com/agente007.es

www.twitter.com/agente007_es

TOMIÑO

Xornada “A nova AECT Miño desde unha visión comparada; a raia e Europa”, en Tomiño

O día 21 de abril celébrase na Casa do Concello de Tomiño unha xornada sobre as Agrupacións Europeas de Cooperación Transfronteiriça, organizada pola Deputación de Pontevedra, a Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Tomiño e o grupo de investigación ANTE, da USC.

O obxectivo desta xornada é coñecer experiencias de éxito na Península Ibérica e en Europa en canto á cooperación transfronteiriça se refire, e dar a coñecer a nova AECT RÍO MIÑO, en fase de constitución.

Nas últimas tres décadas, e sobre todo grazas ás políticas de cooperación territorial e transfronteiriça da Unión Europea, xurdiron no espazo comunitario múltiples estruturas que buscan forxar proxectos territoriais máis alá das fronteiras dos estados-nación. Desde a Regulación N° 1082/2006 (modificada pola Regulación N° 1302/2013), foron creándose no contexto ibérico unha vintena de AECT e máis de cincuenta no espazo común.

As novas territorialidades terán forma de eurorrexións, eurocidade, macrorrexións, etc. e buscarán as sinerxías entre distintos socios para reforzarse e complementarse mutuamente. A gobernanza multinivel nos espazos transfronteirizos facilita novas áreas políticas nas que encontrar un marco de acción dentro do marco europeo, no que os

actores sociais, políticos e económicos se multiplican.

No contexto da raia galego-portuguesa, a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e a máis recente Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT-GNP), son dous referentes da cooperación a nivel europeo. Nesta Eurorrexión desenvólense nos últimos anos múltiples programas e proxectos de índole transfronteiriça, de xeito que se pode afirmar que existe un amplo coñecemento na materia.

Neste sentido, a iniciativa conxunta da Deputación de Pontevedra e mais da Comunidade intermunicipal do Alto MINHO de promover a creación dunha AECT no espazo do Miño/Minho transfronteirizo, busca reforzar as sinerxías existentes entre ambas as beiras do río. As distintas estruturas de cooperación transfronteiriça existentes así como as iniciativas desenvolvidas nos últimos anos na zona amosan a vontade de traballar en común, de xeito que a AECT vén consolidar esta vivencia do transfronteirizo.

A AECT Río Miño non persigue substituír nin sobrepoñerse a outras estruturas a distintas escalas (local, como a Amizade Cerveira-Tomiño, Eurocidade Tui-Valença, ou rexional, como a citada AECT Galicia-Norte de Portugal), sino cooperar con elas co obxectivo de reforzar a presenza



do espazo transfronteirizo do Miño/Minho nos debates sobre a cooperación transfronteiriça da raia.

Co gallo de coñecer experiencias de éxito na Península Ibérica e en Europa, organizaron unha xornada de traballo na que se poidan debater os resultados obtidos ata o momento doutras AECT de maior percorrido.

É necesario xa que logo aprender dos logros e, tamén, das debilidades doutras experiencias, que sirvan de guíeiro para o lanzamento e primeiros pasos da AECT Río Miño. Por iso, esta xornada pode ser de interese para todas aquelas persoas vinculadas co transfronteirizo, en especial na área do Río Miño, de xeito que se poida debater o presente e o futuro da AECT Río Miño.

PROGRAMA

9:30 Apertura

- Alfonso Rueda, Conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia
 - Fernando Freire de Sousa, Presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte
 - María del Carmen Silva, Presidenta da Deputación de Pontevedra
 - João Fernando Brito Nogueira, Presidente da Câmara do Município de Vila Nova de Cerveira
 - Sandra González, Alcaldesa do Concello de Tomiño
 - Rubén C. Lois, Director da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal
 - Uxío Benítez, Deputado delegado de cooperación transfronteiriça
- 10:00-11:00 O curto pero intenso percorrido das AECTs, a visión desde as institucións europeas
- Slaven Klobucar, Administrador das AECTs e da Cooperación Transfronteiriça no Comité das Rexións
 - Martín Guillermo, Secretario Xeral da Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa

Moderador: Juan M. Trillo, Investigador Posdoutoral (USC)

11:00-11:30 Pausa café

11:30-13:30 Experiencias ibéricas

- Xosé Lago, Director da AECT Galicia-Norte de Portugal
 - Pablo M. Rivera, Director Executivo da AECT Eurocidade Chaves-Verín
 - José L. Pascual, Director Xeral Técnico da AECT Duero/Douro
 - Francisco Muñoz, Secretario Técnico da Eurociudad del Guadiana
 - Carmen Arribas, Responsable Técnica da AECT León-Bragança
- Moderador: Celso Cancela, Profesor (UVigo)

13:30-15:30 Xantar

15:30-16:30 Experiencias europeas

- Johanna Fischer, Xestora de proxectos da AECT Eurodistrict Saarmoselle
 - Zoltán Bará, Director Ejecutivo da AECT Pons Danubii
- Moderador: Miguel Pazos, Profesor Titular da USC

16:30-17:30 Presentación do proxecto de AECT Río Miño/Minho e conclusións das Xornadas

- Uxío Benítez, Deputado Provincial de Cooperación Transfronteiriça
- Manoel Batista, presidente da Câmara Municipal de Melgaço
- Celso Cancela, Profesor (UVigo)

-Moderación: Rubén C. Lois, Catedrático (USC)



MISCELANEA

Comeza a tala de máis de 300 eucaliptos da finca do Castelo de Soutomaior

Trátase de arredor de 333 árbores que, ata hoxe, estaban localizadas nas máis de 25 hectáreas de explotación forestal que integran o complexo, e cuxa retirada foi aprobada polo Goberno provincial por razóns de protección medioambiental e beleza paisaxística.

Para o comezo dos traballos foi preciso que o solo onde se atopan as árbores estivese moi seco, razón que fixo necesario ter que agardar a que o bo tempo se prolongase durante varios días. De xeito contrario, a maquinaria tería labrado moito os terreos

e iso levaría consigo consecuencias negativas para o solo. A partir deste momento a empresa adjudicataria (Díaz y Buceta, S.L., que ofreceu un importe de 34,24 € por tonelada de madeira) terá un prazo de, como máximo, dúas semanas para proceder á tala de todos os exemplares de eucalipto da finca. A empresa poderá aproveitar todas as pezas resultantes da tala cun diámetro igual ou superior aos sete centímetros de diámetro e, aquelas que non cheguen a estas medidas, serán destinadas á elaboración de compostaxe.



Galiza Nova presenta a campaña “Rebelate, fala galego”



Galiza Nova, asociación xuvenil do BNG, presentou a súa nova campaña nacional en defensa da lingua, baixo o lema “Rebelate, fala galego”. A parlamentaria Olalla Rodil, integrante da Comisión Permanente de Galiza Nova, apuntaba que “unha das cuestións que para nós é fundamental é potenciar o uso do galego entre a xente máis moza” ao tempo que amosaba súa preocupación pola situación do idioma.

Rodil salientou ademais o feito de que existe unha fenda xeracional, pois vemos como “as franxas de idade máis novas do noso país están abandonando case por completo o uso do galego”. Mais tamén remarcou que

é posíbel reverter a situación, asegurando que “a única maneira de manter viva a nosa lingua e falala día a día”.


Pola súa banda, Alberte Fernández, Secretario Xeral de Galiza Nova, explicou que con esta campaña pretenden incidir en que “dar o paso de falar galego no contexto actual é un grande feito de rebeldía”. A intención desta campaña é achegar o galego a todas as mozas e mozos, para o cal realizarán unha campaña de concienciación por vilas e cidades de todo o país, onde levarán un photocall “animando á xente a falar galego”, ademais de realizar repartos informativos e actividades con figuras destacadas da cultura galega.

Exposicións, faladoiros e mesas redondas en Vigo sobre a figura de Carlos Casares

O Día das Letras Galegas está adicado este ano a Carlos Casares e o Concello de Vigo e a fundación que leva o seu nome preparan distintas actividades culturais, que comezan o 4 de maio coa mesa redonda “A Muller no Obra de Carlos Casares” moderada pola escritora e profesora da Universidade de Vigo, Rexina Vega.

Os organizadores abrirán o 8 de maio a mostra “O Principiño ao redor do mundo. A colección de Carlos Casares”, na Casa Galega da Cultura, e o 10 de maio se celebrará o Café Voltaire – O Sabor das Letras: “Carlos Casares e Gastronomía”, ás 20 horas no restaurante do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO).

O 20 de maio ás 12:30h, a Biblioteca Central Juan Compañel acollerá o Faladoiro para cativos e maiores sobre Carlos Casares. O máis salientable da programación ata o momento péchase con dúas exposicións máis: “Carlos Casares e a Fotografía”, desde o 31 de xullo na Casa Galega da Cultura, e “Os mundos de Carlos Casares”, a partir do 18 de setembro na Casa das Artes.



Ponte a Portu-Gal, semana da cultura galego-portuguesa en Ponteareas

Exposicións, proxeccións, concertos e 'desafíos' de regueifeiros, son algunhas das actividades previstas para esta iniciativa encamiñada a amosar o que une a Galicia e Portugal

O Concello de Ponteareas, desenvolverá, do 20 ao 23 de abril, a iniciativa que baixo o nome de Ponte a Portu-Gal, busca amosar as expresións culturais comúns que unen a Galicia e Portugal e a converten nunha zona de desenvolvemento socio e cultural compartido.

As actividades comezarán o xoves 20 de abril na Sala Multiúsos do Auditorio Municipal coa inauguración, ás 20:30 h, da ex-

posición fotográfica 'Aos Olhos de Eduardo' do fotógrafo Eduardo Teixeira Pinto.

O venres 21 de abril ás 21 horas e tamén na Sala Multiúsos do Auditorio, terá lugar a proxección do documental 'Galegos en Lisboa' de Xan Leira.

O sábado 22 de abril, ás 20 horas, a Sala do Auditorio acollerá a proxección do documental da realizadora Diana Gonçalves, 'Mulheres da raia' para, dese-

guido, desenvolverse unha charla coloquio sobre o documental.

Ás 22 horas, e no Auditorio Municipal, terá lugar un máis que interesante concerto no que participarán Galandum Galundaina de Porgutal e Caxade de Galicia.

O domingo 23 de abril, data na que se pecha este Ponte a Portu-Gal, as actividades comezarán ás 18:30 horas. Con saída dende a Casa do Concello, os grupos Longos Vales de Portugal e Agarimos da Terra de Galicia, protagonizarán unha ruada ata o Auditorio Reveriano Soutullo onde, a partir das 19 horas, ofrecerán un concerto.

O concerto estará presentado por dous regueifeiros ou cantores a desafío de sona internacional: Augusto Canário e Luís Caruncho,



que facendo un oco nos seus múltiples compromisos, non quixeron perderse a oportunidade de estar en Ponteareas neste encontro entre pobos irmáns aos que, como se dixo en máis dunha ocasión, "o Minho une moito máis do que separa".

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, subliñaba a importancia de actividades como estas nas que queda de manifesto, afirmou, "que Galiza e o norte de Portugal

comparten historia, tradicións e costumes similares e que forman unha área con enormes posibilidades de desenvolvemento socio económico conxunto que debemos aproveitar e potenciar".

O goberno local agradeceu a colaboración na organización desta semana da asociación "Ponte nas Ondas" así como Fernando Groba, lector do Centro de Estudos Galegos da Universidade do Minho.

CAXADE

É o projeto pessoal de Alonso Caxade. Folk-pop cum arrecendo a música minimalista e a sons bucólico-pastorís da velha Europa. Música elegante, modesta e singela, surrealismo pós-modernista e discurso reivindicativo, metafórico e irónico.

Melhor Artista nos XIII Premios Opinión, Prémio Martín Códax da Música, ganhador "Certame Música Xove" e representante galego no SUNS Europe 2015

Em novembro de 2013 editou no selo cooperativo "Discos da Máquina" o seu primeiro trabalho discográfico intitulado "A Dança dos Moscas" com os músicos que na actualidade seguen formando a súa banda: Manu Paino (trompeta e teclado), Manu Espinho (bombardino e trombone), Xosé Tunhas (bateria) e o próprio Alonso Caxade (voz e acordeom). Dous anos depois saiu á venda o DVD+CD "A Dança dos Moscas Ao Vivo" gravado com a Banda de Música da Bandeira.

O seu último disco "E isto é o Amor" saiu en maio de 2016

GALANDUM GALUNDAINA

É um grupo de música tradicional de Miranda do Douro criado em 1996 com o objectivo de recolher, investigar e divulgar o património musical, as danças e a língua das terras de Miranda. O grupo faz a ligação entre a antiga geração de músicos e a geração mais jovem, assegurando a continuidade da rica tradição cultural desta região, que durante anos correu o risco de se perder.

Em 2001 foi editado o disco "L Purmeiro". 2005 é o ano de "Modas I Anzonas". Em 2006 é lançado o DVD "Galandum Galundaina ao Vivo". Em 2010 é editado "Senhor Galandum". Recebem o Prémio Megafone 2010 e o disco foi reconhecido pelos jornais Público e Blitz como um dos dez melhores álbuns nacionais do ano. Em 2015 é editado "Quatrada", o quarto disco do grupo.

AUGUSTO CANARIO

Músico, compositor. Fundador do grupo Cantares do Minho. É un dos máis populares cantores ao desafío do Norte de Portugal

Abertura de inscrições para o primaveraemcerveira.com

Durante dois dias, 6 e 7 de maio, Vila Nova de Cerveira enaltece a gastronomia associada ao ambiente primaveril. O centro histórico cerveirense transforma-se num mercado de doçaria tradicional, licores, flores e jardins atrativos, associando uma vasta animação de rua.

Os mercadores interessados deverão apresentar a sua candidatura de 12 a 18 de abril na Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, acompanhados dos documentos necessários: ficha de inscrição, carta de artefacto, cópia do início de actividade, cópia do NIF, fotografias dos artigos e declaração de

responsabilidade assinada.

Organizado pelo Município cerveirense, o primaveraemcerveira.com decorre nos dias 6 e 7 de maio, entre as 10h00 e as 22h00 de sábado e as 10h00 e as 19h00 de domingo.



PINTURAS FERNANDO MIGUEZ

Rúa Argentina, 11 - Salceda de Caselas
 ☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
 ☎ 986 658 529

Móvil 645 316 524
 pinturasfernandomiguez@hotmail.com

Citanía
Mobiliário & Descanso

Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas
Telf./ Fax : 986 34 06 06
 www.facebook.com - info@citaniassalceda.com
 www.citaniassalceda.com

NOVAS DA RAIA

Envolvente da antiga estação da CP de Monção: autarquia procede à demolição do quarto imóvel.

25 de abril será inaugurada a nova sede da Banda de Música de Monção que ficará instalada no antigo edifício da CP.

Os serviços camarários deram início aos trabalhos de demolição de um prédio urbano situado na Travessa da Cova do Cão, zona de proteção do Castelo de Monção, monumento nacional desde 1910. Trata-se do quarto imóvel adquirido e demolido pela autarquia no âmbito do projeto de requalificação urbanística daquela zona.

Após processo negocial, as intervenções arrancaram no terreno no dia 18 de janeiro do presente ano com a demolição de dois imóveis, propriedade da “Viana-chandler, Abastecimento Alimentar Portuário, Lda”, seguindo-se,

no dia 1 de fevereiro, a demolição do terceiro imóvel, propriedade dos herdeiros de Guilhermina Teixeira Ferreira.

Com a demolição do presente imóvel, cuja área bruta de construção é 230 metros quadrados e área total do terreno de 467 metros quadrados, sendo titular Maria Cândida Ventuzelo Gomes, aquela área fica disponível para o respetivo projeto de requalificação que abrangerá toda a envolvente da antiga estação da CP.

A demolição dos quatro imóveis, aos quais se acrescenta mais um junto ao muralhado no acesso à zona do rosal, repre-



senta um passo importante na requalificação daquele espaço amplo servido por vários estabelecimentos comerciais e serviços públicos, bem com um significativo fluxo de trânsito rodoviário.

Nesta estratégia de valorização

daquela zona, presentemente uma das principais entradas no centro histórico de Monção, será inaugurada no dia 25 de abril, feriado nacional, a nova sede da Banda de Música de Monção que ficará instalada no antigo edifício da CP.

Projecto de turismo criativo em Monção

Monção nas Mãos - Turismo Criativo' é o projecto coordenado por Nélson Azevedo, pretende contribuir para que se recuperem alguns dos saberes ancestrais deste território através da experiência de vários parceiros envolvidos neste conceito abrangente e estruturante que visa valorizar o presente e futuro com os ensinamentos do passado.

O projeto reserva experiências em áreas da vida rural como a moagem de farinha, a confeção do pão, a tosquia de ovelhas ou a construção de instrumentos tradicionais. Focaliza-se também na recriação artística desses sabores e saberes com recurso à fotografia, desenho e escultura.

No dia 23, “Monção nas Mãos - Turismo Criativo” oferece a possibilidade de descobrir alguns dos segredos da confeção do pão com o Chefe Rui Ribeiro, parceiro do projeto. Os participantes, em número limitado, irão amassar o pão e provar o fruto da sua própria experiência.



Rotunda enbelezada com motivo alusivo à união entre Monção e Salvaterra de Miño

A rotunda da Avenida da Galiza, junto ao Rio Park, está a ser embelezada com um motivo alusivo à Eurocidade Monção - Salvaterra de Miño, perpetuando, desta forma, a cooperação territorial, cultural, desportiva e social entre os dois municípios ribeirinhos unidos pelo rio Minho.

Tratando-se de uma zona de grande sensibilidade paisagística e funcional devido à função que desempenha na organização do movimento automóvel, a estru-

tura em execução pretende assumir-se como um elemento identificativo da Eurocidade Monção - Salvaterra de Miño, enquadrando-se na funcionalidade original da rotunda.

Na conceção, foi pensada uma imagem em semicírculo, virada a Salvaterra de Miño, acolhendo quem vem da ponte internacional, revestindo o volume com pastilha cerâmica vi-

drada em cor azul, encimada por uma peça em aço corten com iluminação embutida.



Cine teatro João Verde com intenso aroma a camélia

No fim de semana, o Cine Teatro João Verde foi literalmente invadido por esta planta ornamental e decorativa com apresentação de trabalhos feitos por floristas e associações locais e galegas. Neste particular, destaque para a forte participação de pessoas de Salceda de Caselas.

Os trabalhos expostos, disciplinarmente colocados nos corredores e na galeria de exposições daquela estrutura cultural, mos-

traram diferentes géneros de camélias com significado distinto. Exemplos: as brancas simbolizam beleza perfeita, as cor-de-rosa revelam grandeza de alma e as vermelhas sinal de reconhecimento.

Os visitantes tiveram também a oportunidade de visualizar várias fotografias de camélias localizadas em espaços públicos e em casas particulares do nosso concelho.

Na abertura da exposição, foram entregues diplomas e uma

lembrança, feita pela APPACDM, delegação de Monção, a todos os participantes.

A Exposição de Camélias englobou ainda trabalhos de pintura de Joana Degues e de cerâmica artesanal de Patricia Oliveira que, na manhã de domingo, coordenou uma oficina de trabalho de desenho e técnicas de impressão sobre camélias com a presença de uma dezena de participantes.

Na noite de sábado, o Cine Teatro João Verde animou-se com a música tradicional do Grupo Popular “Os Teimosos” e as “Voces de Arrieiro”, agrupamento galego.



Bienal de Cerveira: mais de 580 obras foram a concurso



O Concurso Internacional da XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira registou a participação de mais de três centenas de artistas, de 31 países, que se candidataram com 586 obras. No total, o júri de selecionou 206 peças de 149 autores, provenientes de 26 nacionalidades diferentes, que serão expostas no certame entre 15 de julho e 16 de setembro.

O júri de seleção foi composto pelo coordenador artístico da XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira, Cabral Pinto; pelo presidente do Conselho Científico da Fundação Bienal de Arte de Cerveira (FBAC), Henrique Silva, e pelos artistas plásticos Isabel Cabral, Margarida Leão e Rodrigo Cabral.

Nas palavras de Cabral Pinto, “o júri de seleção congratulou-se com o número de concorrentes e a elevada qualidade das obras apresentadas, tendo-se dado preferência a novos artistas que se tenham apre-

sentado pela primeira vez e aos que demonstraram uma notória evolução no seu percurso”. O coordenador artístico da bienal de arte mais antiga do país revelou ainda uma novidade: “Este ano a mostra do Concurso Internacional terá lugar no Castelo de Cerveira e não no Fórum Cultural, como tem sido habitual”.

De lembrar que a XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira tem como tema “DA POP ARTE ÀS TRANS-VANGUARDAS, Apropriações da arte popular”, propondo uma reflexão sobre o choque tecnológico, conseguido pelo acumular do saber através dos séculos e pela identidade das populações.

Aproximando-se dos seus 40 anos, a 19.ª edição da Bienal Internacional de Arte de Cerveira presta a sua homenagem principal a um dos maiores nomes da pintura nacional e internacional, Paula Rego, tendo também sido anunciado o tributo ao escultor Jaime Azinheira (1944-2016).

Mini-agentes da GNR alertam para os maus-tratos na infância em Operação STOP

Com Dia Senhor Condutor. Estamos aqui para o sensibilizar para o mês da prevenção dos maus tratos na infância”. Fardados a rigor e com uma mensagem a transmitir, um grupo de crianças do ATL da Associação de Desenvolvimento Social e local (ADSL) de Vila Nova de Cerveira, em colaboração com a Comissão de Proteção de Crianças e Jovens (CPCJ) e a GNR, protagonizou, esta manhã, uma operação STOP informativa a que ninguém ficou indiferente.

Esta iniciativa de âmbito distrital realizada pelas CPCJ's e pela GNR, incluída na Campanha Nacional do Mês de Prevenção dos Maus Tratos, decorreu, hoje, em Vila Nova de Cerveira, na Praça do Município e na rotunda junto aos Bombeiros Voluntários. O ambiente entre os mini-agentes era

de entusiasmo pela experiência inédita de desempenharem uma função tão importante.

Devidamente fardados, e acompanhados por agentes da GNR, aos condutores mandados parar era entregue um folheto informativo e um laço azul, com uma mensagem enternecedora: “Coloquem este laço azul como símbolo de serem contra os maus tratos às crianças”. A adesão era imediata, com sorrisos, elogios e agradecimentos. No final, os votos de uma “boa viagem e em segurança”!

Esta campanha de sensibilização destina-se a alertar a comunidade cerveirense para o flagelo que representam os maus tratos na infância e consciencializar para o papel preponderante que cada um desempenha na sua prevenção.



FBAC inaugurou mostra “Diálogos no Acervo” em Vigo

O Centro Cultural Português Camões, Instituto da Cooperação e da Língua, I.P., em Vigo, inaugurou no passado sábado (8 abril) uma exposição da Coleção do Museu Bienal de Cerveira. A mostra “Diálogos no Acervo” encontra-se patente até dia 4 de maio e propõe, a partir da temática da paisagem, que o observador viaje segundo a sua imaginação e sensibilidade.

Mostrar como convivem e dialogam no acervo as várias representações da paisagem, é o objetivo desta exposição, que permite ao público galego explorar esta temática a partir de 20 obras de arte contemporânea.

“Esta iniciativa vai de encontro com a estratégia de descentralização cultural da Fundação Bienal de Arte de Cerveira (FBAC), que propõe a projeção

exterior da Coleção do Museu Bienal de Cerveira, avaliada em mais de um milhão de euros”, explicou o Presidente da FBAC, Fernando Nogueira no decorrer do ato inaugural.

Marcaram, ainda, presença na inauguração o secretário-geral da Cultura da Junta da Galiza, Anxo Lorenzo; o vice-cônsul de Portugal na Galiza, Manuel Correia da Silva; e o diretor do Agrupamento Europeu de Cooperação Territorial Galicia-Norte de Portugal, Xosé Lago.

Segundo explica o coordenador artístico e de produção da FBAC, Cabral Pinto, “as obras reunidas propõem leituras transferíveis, provocadas pela linguagem utilizada e pelo grau de complexidade de cada uma: umas vezes de forma descritiva ou metafórica, outras de forma emblemática e simbólica.”



Artistas: Américo Silva, Artur Bual, Artur Moreira, Cabral Pinto, Dacos, Deborah Engel, Emília Viana, Henrique Silva, Isaque Pinheiro, Jaime Isidoro, João Antero, Johanna Speidel, Laura Gorski, Leonor Serpa Branco, Maria do Céu Diel, Rui da Rosa, Samuel Rama

Local: Centro Cultural Português Camões, Instituto da Cooperação e da Língua, I.P., Vigo
Horário (hora local): 4.a a 6.a das 17:00 às 20:00 | Sábados e domingos: das 12:00 às 14:30 (exceto no fim semana da Páscoa)



A experiencia “Ponte...nas ondas!” será presentada no Brasil

Ponte...nas ondas! presentará a sua experiencia na Mesa dos Povos da Lusofonia xunto con outros proxectos de diferentes países. Santiago Veloso, coordinador da Asociación en Galicia e Portugal, intervirá nunha das mesas do día 11 xunto co sociólogo e profesor da Universidade Agostinho Neto de Angola, Laurindo Vieira e a profesora Débora Mazza, do Departamento de Ciências Sociais na Educação da UNICAMP de Brasil.

O XIX Congreso Mundial de Educadores e Educadoras vai desenvolverse do 11 ao 13 de abril na Universidade Estadual de Campinas – UNICAMP, no Brasil. No evento van participar entre 600 a 800 educadores do Brasil e de todo o mundo baixo o lema : EU SOU PORQUE NÓS SOMOS.

Ademais, no Congreso vanse expoñer os materiais editados pola asociación ao longo das dúas décadas de actividades: o disco Meninos Cantores, o libro-disco Cores do Atlántico (publicado tamén no Brasil pola editora Latus da Universidade Estadual de Paraíba) e o libro-cd-dvd Na ponte. Estas publicacións chamaron a atención da organización do Congreso que recoñeceu nas actividades desenvolvidas por Ponte...nas ondas! unha excelente práctica pedagóxica intercultural merecente de ser divulgada aos educadores de todo o mundo.

EU SOU PORQUE NÓS SOMOS

O tema escollido para a reflexión e o debate é o contexto social no que se desenvolven as prácticas educativas, cunha abordaxe directa ao papel dos educadores sociais, reflexionando sobre os campos de investigacións e as prácticas enfocadas para a construción dunha sociedade mais xusta e igualitaria. Nun contexto no que mundialmente somos conducidos para unha reflexión crítica que busca profun-



dizar sobre os fundamentos éticos, teóricos e metodolóxicos dunha actividade que precisa redefinirse, en función da transición que atravesamos a contemporaneidade, o Congreso é unha oportunidade de reunir algúns dos máis destacados pensadores da educación social, a educación popular e a educación non formal con axentes dos procesos habituais de transformación social que constrúen estratexias de supervivencia e resistencia para os non incluídos no sistema económico dominante.

Ademais das mesas de debates, das mostras de traballos, exposicións de proxectos, das tendas e da feira da economía solidaria, a diversidade cultural do Brasil terá unha importante presenza no XIX Congreso Mundial de Educadoras e Educadores Sociais que se inaugura no día 10 de abril no Centro de Convenções da UNICAMP en Campinas.

AS BOAS PRÁTICAS CO PATRIMONIO

No marco do Congreso Ponte...nas ondas! mostrará as diversas accións que integran o patrimonio no proceso de aprendizaxe, tanto no ámbito formal como en contextos sociais abertos á comunidade.

Así, o traballo co patrimonio inmaterial galego-portugués no ámbito dos centros educativos de Galicia e do Norte de Portugal será unha das accións que serán divulgadas ademais dos Certames de Recolla, as Mostras da Oralidade ou a difusión do papel dos Tesouros Humanos Vivos. A transmisión deste patrimonio ás novas xeracións a través dos novos soportes dixitais en Internet é outra das liñas de traballo que os educadores coñecerán no Congreso.



PONTE...NAS ONDAS! é unha experiencia educativa que se vén desenvolvendo desde o ano 1995 grazas á cooperación entre escolas de primaria e secundaria de Galicia e do norte de Portugal, coa participación de centros educativos doutros países.

Trátase dunha xornada que se iniciou coa emisión de 12 horas de programación radiofónica realizadas integramente por alumnos galegos e portugueses. Xa desde o ano 2003 chegou ás 24 horas de emisión con programas producidos por máis de 50 centros educativos. Estudantes de primaria, secundaria e (desde a IX edición) da Universidade, emiten programas de radio (nas últimas edicións tamén de televisión por Internet) elaborados por eles mesmos, en directo e en formatos moi diversos: concursos, variedades, música, entrevistas, conexións en directo entre diferentes estudos, etc. Aínda que o galego e o portugués son as linguas

comúns da emisión, coa participación de centros de Arxentina, Cuba, Chile e Colombia, o castelán tamén se incorporou á experiencia. Durante a xornada de comunicación os nenos e nenas dos todos os países participantes seguen a programación e participan activamente nela.

A motivación para empezar esta aventura foi a inauguración dunha ponte arquitectónica entre as localidades de Salvaterra de Miño (España) e Monção (Portugal); entón, un grupo de 16 escolas decidiron establecer unha ponte de comunicación a través das ondas de radio. Aquel ano usáronse os estudos de Ecos da Raia de Monção e outro provisional situado na Casa da Cultura en Salvaterra de Miño. Agora a Universidade de Vigo realiza a emisión por Internet e ofrece o soporte técnico. Ponte...nas ondas! ofrece aos centros educativos a oportunidade de mostrar os seus traballos de creación audiovisual arredor dun tema proposto en cada edición.

A UNESCO aplaude a experiencia de Ponte...nas ondas!



A asociación Ponte...nas ondas!, recentemente acreditada como ONG consultora do patrimonio inmaterial pola UNESCO, vén de participar na última sesión do 11o Comité Intergubernamental de Salvaguarda do Patrimonio Cultural Inmaterial celebrada en Addis Abeba. Os antropólogos X.M. González Reboredo e Álvaro Campelo participaron nas sesións de debate xunto a outras ONG consultoras

de todo o mundo presentando tamén a experiencia de Ponte...nas ondas! na Universidade de Addis Abeba.

Nunha das sesións do Comité, na mesa “ Learning with intangible cultural heritage in education ” destacou o importante papel que ten o patrimonio inmaterial como un potente recurso educativo para contribuír á mellora da calidade educativa.